



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 19

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 10 de abril de 2013

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

Punto 2. Comparecencias

2.3 5811 (09/PPP-000048)

Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, a solicitude dos dezoito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta da súa relación co clan de contrabadistas e narcotraficantes liderado por Marcial Dorado

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 03.04.2013

5825 (09/PPP-000050)

Do Sr. presidente da Xunta, por solicitude do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda e do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, polas relacións mantidas cun narcotraficante condenado, que foron reveladas recentemente en prensa

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 03.04.2013

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bo día de novo.

Reiniciase a sesión.

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por solicitude dos dezoito deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia, para dar conta da súa relación co clan de contrabandistas e narcotraficantes liderado por Marcial Dorado

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia, por solicitude dos GG.PP. da Alternativa Galega de Esquerda e do Bloque Nacionalista Galego, polas relacións mantidas cun narcotraficante condenado, que foron reveladas recentemente en prensa

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para a súa primeira intervención o presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Hoxe, 10 de abril de 2013, comparezo nesta Cámara en resposta á solicitude deste Parlamento para dar conta de forma definitiva dunhas fotos da miña vida privada de hai dúas décadas. Fágoo tal e como dixen que o faría, fágoo en consecuencia co meu compromiso coa transparencia, púxenme á disposición deste Parlamento e fágoo do xeito que escolleu a oposición entre as distintas opcións de intervención parlamentaria. Pero tamén temo, e dígoo plenamente consciente, de que á oposición non lle importa o que eu poida dicir, e comprobarase ao longo deste debate, tamén o temo. En definitiva, señoras e señores deputados, fágoo por respecto aos cidadáns de Galicia e a todos os grupos parlamentarios.

Saio en fotos de hai dúas décadas cunha persoa que naquel momento non estaba condenada por nada, pero que estivera vinculada en operacións contra o contrabando de tabaco, aínda que con ningunha sentenza na súa contra. Anos máis tarde, non entón, esta persoa sería condenada por algo

aínda moito peor como é o narcotráfico. Vaia por diante a miña repulsa.

Pasaron dúas décadas desde esas fotos e eu son agora presidente da Xunta de Galicia. De aí vén o resumo que estiven escoitando todos estes días da oposición: o presidente está cun narcotraficante. Claro que esquecen dicir que foi hai dúas décadas e que eu non era entón presidente, nin esa persoa narcotraficante. Pero dálles o mesmo, o obxectivo non é que o dato sexa verdade, senón que pareza que fora verdade.

Desde a súa publicación, ocupando boa parte da portada de dúas páxinas do xornal *El País*, son moitas as persoas, con independencia da súa ideoloxía e militancia, que se me teñen achegado dunha forma ou outra e que me teñen transmitido o seu afecto polo desproporcionado e mal intencionado de todo isto. Eu quero agradecer desde esta tribuna a comprensión de tantos galegos e o seu respaldo. Pero tamén son presidente daqueles nos que puideron espertar algunha dúbida estas fotos antigas, e por iso quixen comparecer hoxe nesta Cámara. Hai quen di que son eu mesmo quen magnifíquei a noticia, pero eu prefiro que se me diga que magnifíquei a noticia a deixar que a infamia crecera sen resposta.

De verdade, ¿esperaban que calara?, ¿que me amedrentara? Porque, señorías, son consciente de que son fotografías que, aínda que son antigas, chaman a atención; son consciente do morbo que esperta o medio que decide publicalas, e son consciente de que lamentablemente espertarían esta reacción nesta actual oposición.

No que si creo que teñen razón é en que dúas décadas atrás non tiven a prudencia axeitada, e por iso quixen dar todas as explicacións precisas desde o primeiro momento, sen demoras, con transparencia, con humildade e con sinceridade. Fíxeno co propio periódico que decidiu publicar esas fotografías antes da súa publicación e durante os días posteriores cando se me requiriu; fíxeno nun comunicado de prensa de forma inmediata; fíxeno abríndome desde o primeiro momento aos medios que desexaran calquera explicación inmediata; fíxeno en rolda de prensa, aberta a todas as cuestións que poidan xurdir aos xornalistas no Parlamento, e fágoo agora nesta comparecencia parlamentaria, na que tratarei de dar resposta ás preguntas que se poden estar facendo algúns galegos.

Lamento por vostedes, señoras e señores da oposición, que se queden sen discurso, poden ir directamente ás desculpacións porque velaí van as preguntas e as súas respostas:

¿En que momento teño coñecemento da existencia destas fotos? No 2003, a raíz dun rexistro dunha investigación xudicial.

¿Que pretenden obter os que as utilizan? Que non diga o que opino, que non critique o que considero criticable, que non defenda aquilo no que creo.

¿Cando se me di que van a ser publicadas? Desde o ano 2003, continuamente, e con máis intensidade antes das eleccións do ano 2009 e durante o ano 2011. O citado periódico advírteme días antes de que pode publicalas. Moitas das cousas que agora publica como se foran exclusivas ou investigacións que eu pretendera ocultar conteillas eu mesmo a ese xornal.

¿Cal é a orixe desas fotos segundo o medio de comunicación que as publica? Non o sei, non o queren dicir.

¿Que tipo de relación tiña naquel momento con Marcial Dorado? Limitábase a momentos de ocio, sen máis nin menos transcendencia do que iso supón. Se entón fora o seu amigo non tería problema en dicilo; a dimensión do erro sería a mesma.

¿Era unha relación persoal ou no contacto con máis persoas? Coincido plenamente e sempre con varias persoas e en momentos de ocio; persoas coas que teño máis, menos ou ningunha confianza.

¿Estiveron algunha vez fóra de Galicia? Si, como xa dixen, nos Picos de Europa, en Baleares, unha vez en Tenerife e en Portugal. Tal e como lle dixen ao medio que publicou: non estiveron nin en Suíza, nin en Inglaterra, porque por iso tamén se interesou o periódico.

¿Como se afrontan os gastos? Como calquera grupo que fai plans de ocio conxuntos, como xa relatei.

¿Canto durou? Coñézoo arredor de 1994. Cara a 1997 enfriou a relación ata cortala definitivamente. Como xa dixen, véxoo puntualmente a raíz dun falecemento en 1999.

¿Por que finalizou? Porque coñezo polos medios de comunicación que mantén causas abertas coa xustiza en materia de contrabando de tabaco; ao contrario do que se me dixera.

¿Mantiveron o contacto entre 2001 e 2003 mentres era investigado? Non, rompérase. Nunca o vin nesas datas, tal e como posteriormente relatou o xuíz que encarcerou ao señor Dorado.

¿Chamoume para felicitar-me algún Nadal ou algún cumpleaños de xeito relevante e intranscendente? Non o podo precisar, como tampouco o pode facer o xuíz, de acordo coas súas declaracións.

¿Que sabía eu do señor Dorado no momento en que se estableceu a relación? Nun primeiro instante, nada, como calquera persoa á que lle presentan a alguén. Despois si sei que ten estado involucrado en procesos contra o contrabando de tabaco, pero tamén que ata o momento en que o coñecín sempre saíu exculpado.

¿Por que lle pregunto ao señor Cruz se é o seu testafarro? Porque hai xente que comenta que teñen negocios en común. El négao constantemente.

¿Sabía que esa persoa acabaría involucrado no narcotráfico? Non teño poderes adivinatorios, como parece esixirme a oposición.

¿Asinei ou adxudiquei algún tipo de contrato público con Marcial Dorado? Non.

¿Foi un erro ter aquela relación? Si.

¿Debería ter dado máis importancia a eses antecedentes, aínda que non estivera condenado? Si.

¿Actuei nalgunha ocasión condicionado pola existencia desas fotos? Nunca.

¿Hai máis fotografías? Nin me preocupa, nin o sei; nada cambia. Parece que o señor Pachi Vázquez si o sabe, segundo dixen esta fin de semana, e iso que catro días antes negara que coñecía as fotos. O señor Pachi Vázquez di o 2 de abril: “Nunca vin as fotos nin coñecín a ninguén que as

vira”. Pachi Vázquez o día 6 de abril di: “Hai máis fotos, non só son catro imaxes”.

¿Supón a súa publicación que a chantaxe que pretendían realizar algúns non tivo éxito? Evidentemente. A súa publicación é a proba de que aqueles que pretenderon amedrentarme con esta posibilidade non lograron absolutamente nada de min.

¿Intentouse amedrentarme desde partidos da actual oposición coa posibilidade de publicar esas fotografías? Si.

¿Lográrono entón? Non.

¿Lográrono agora? Non.

Señorías, acabo de responder a vinte e tres preguntas que os galegos poderían facerme na rúa. Dou todas as explicacións aos galegos destas fotografías de hai dúas décadas, nas que nin eu era presidente, nin a outra persoa estaba condenada polo que agora está condenada. E digo e reitero que hai dúas décadas me equivoquei; non fun prudente. Sen matices, nin eu era presidente, nin el era narcotraficante, pero equivoqueime (*Aplausos.*)

Señorías, dou todas as explicacións sen demora, con transparencia, con sinceridade e con humildade. E se algún galego considera que preciso desculpame por isto, aínda que sucedera hai dúas décadas, tamén o fago. (*Aplausos.*)

Señorías, señorías, eu dou a cara. Señoras e señores da oposición, vostedes non deron a talla. (*Protestas.*) Porque, señorías, deputados de todos os partidos que estamos nesta Cámara sabemos que a única novidade con respecto a estas fotografías foi que se publicaron. Non quero referirme con isto ao feito de que se produciran hai dúas décadas, ¡que tamén!; refirome ao feito de que en todos os partidos coñecemos que estas fotografías existían, e cadaquén actuou dun xeito, do xeito que cada un entende a política, despois da súa publicación, pero tamén antes da súa publicación.

Vostedes, señoras e señores da oposición, con mensaxes en forma de advertencia, pensando que eu tiña que amedrentarme, como se algo malo tivera feito ou fora facer posible, incluso renunciando aos meus principios, para evitar que se publicaran. E eu, señorías, coa tranquilidade que dá a

verdade. Por iso non movín un dedo para tentar que o medio que ía publicar as fotografías non o fixera. Creo na liberdade de prensa, creo na liberdade de prensa e alá o criterio e a intención de cada medio. A verdade é para min suficiente.

Vostedes, señoras e señores da oposición, coa insinuación, medindo ao milímetro as súas verbas, para que os cidadáns escoitaran o que vostedes querían dicir, e non se atrevían, pero sen chegar a dicilo, conscientes de que estaban intentando trasladar á opinión pública mentiras e difamacións. E eu, señorías, coa tranquilidade de dicir a verdade.

Señor Vázquez, polo seu modo de facer política, polas súas insinuacións, vostede está aí, aí, na oposición, e outros por traballar con honestidade e por dicir a verdade estamos aquí, aquí, no Goberno. (*Aplausos.*)

E agora unha vez publicadas esas fotografías cadaquén actuou do xeito que entende a política. E exceptuando as persoas dos seus propios partidos e das organizacións sindicais, mesmo cargos moi relevantes, mesmo tres ex presidentes autonómicos do Partido Socialista, que me teñen trasladado a súa vergoña pola actitude dos seus actuais líderes, e probablemente de aí veña o escaso apoio interno que ten, señoras e señores da oposición, a ninguén lle sorprende que algunhas das súas voces teñan as mesmas intencións e empreguen os mesmos métodos que os que pretenderon amedrentarme. Porque, señoras e señores da oposición, eu, como antes da publicación destas fotografías, sigo coa tranquilidade que dá a verdade. E vostedes seguen escondidos detrás da insinuación, dicindo sen dicir, acusando sen acusar e medindo as súas verbas con covardía, insinuando para trasladar á opinión pública unha difamación que saben que, se a firman con valentía, calquera xulgado os cualificaría de mentireiros.

Señorías, non preciso esconderme, non preciso nin de excusas nin de coartadas, nin de medir ao milímetro o que digo neste exercicio de memoria do acontecido hai dúas décadas; bástame coa sinceridade, bástame coa verdade.

Señorías, eu afirmo –permítanme– a verdade. Señoras e señores da oposición, vostedes insinúan porque a verdade frustra a infamia. Por iso moléstalles que eu dera explicacións desde o primeiro momento, porque se lles frustrou a infamia da que pretendían esconderse. Por iso moléstalles

que compareza nesta Cámara, porque se lles frustrou a infamia de que eu pretendera tapalo. E por iso lles molesta tanto que o xuíz que investigou e encarcerou ao señor Dorado simplemente recordara o que fixo entón e reiterara o que fixo daquela a través do seu traballo como maxistrado.

Porque, señorías, señoras e señores da oposición, se a vostedes non lles chegaba coa miña palabra, falou o xuíz, fíxoo con claridade e frustróuselles a infamia. O xuíz, que investigou a fondo e continuadamente todo o que fixo e dixo o señor Dorado ata chegar a encarceralo, dixo que eu non fixera nada e que nin indicios había de que eu fixera o que non debía. O mesmo xuíz que si eloxiaban cando imputou a un alcalde do Partido Popular que despois dimitiu. Por certo, unha noticia que saíu primeiro en *El País* e na que lle daban todo o crédito a ese xuíz. E o mesmo xuíz que si eloxiaban por investigar e encadear a persoa coa que eu saíu nas fotografías e pola súa loita contra o narcotráfico. É o xuíz que agora pretenden poñer en cuestión por dicir a verdade e frustrarlles a infamia. Pero, non me cabe dúbida, pretenderon prolongar, pero xa lles aseguro con escaso éxito. Porque, señoras e señores da oposición, eu saíu nunhas fotos antigas equivocadas, pero vostedes quedaron retratados agora na actualidade no seu xeito de facer política a través da infamia. (*Aplausos.*)

Despois de catro anos, señorías, como presidente de Galicia, coa peor das crises, con tanta xente que o está a pasar mal, ¿que é o que me achacan? ¿Estas fotos de hai dúas décadas? ¿Que traen ao Parlamento de Galicia na segunda década do século XXI? ¿Isto? ¿Así lles vai!

¿E que lles queda a vostedes despois de encarcerar o xuíz? Tentan prolongar como sexa a súa frustrada infamia, que nin vostedes mesmos a cren. E ¿a que se agarran agora? ¿A dicir que eu mantiña o contacto porque o mesmo xuíz que agora intentan desacreditar, porque dixo que eu non fixera nada, que dixen a verdade e que deixei de ver a esa persoa desde hai catorce anos, di tamén que pode ser que me felicitara por teléfono ou en Nadal ou en cumpreanos, pero que en calquera caso difícil recordalo, e de ter sucedido foi intranscendente e irrelevante? Señoras e señores da oposición, pobres argumentos para continuar coa infamia, aínda que lles vale calquera cousa para tentalo. Señorías, xa lles digo de antemán que non podo recordar todas as persoas e a data exacta que me chamaron por teléfono ou me mandaron unha tarxeta por Nadal ou polo cumpreanos nos últimos vinte anos.

E agora, señoras e señores da oposición, ¿que lles queda sen a verdade? A insinuación para tentar prolongar a infamia. Insinuar que eu teño algún tipo de relación coa noxenta actividade pola que foi condenada esa persoa cando saben que a verdade é que non. É que ademais entón esa persoa tampouco fora condenada por iso. Insinuar porque a verdade lles frustra a infamia. Insinuar que eu non actuaba con honestidade pedindo miles e miles de contratos e de facturas e expedientes entre os máis de 10.000 millóns de euros xestionados e contratados polos responsables dos distintos hospitais, buscando demorar a resposta para sementar algunha dúbida, cando saben que a verdade é que esa persoa que está no cárcere é porque previamente se lle investigaron todas as irregularidades que puido cometer en todos os ámbitos, e nunca foi por ningunha relación das súas empresas con calquera Administración pública.

Vostedes, señoras e señores da oposición, non recoñecen estar detrás das fotos, pero si recoñeceron que coñecían a súa existencia antes das eleccións de 2009. Vostedes coñecían a súa existencia mentres estaban á fronte da Xunta de Galicia. Vostedes tiveron na man revisar todos os contratos da Xunta de Galicia ao longo da súa historia e fixérono. Fixérono pero faltábanlles as fotos. ¿Por que non dixeron nada sobre o que eu puíden facer na Consellería de Sanidade ou na Consellería de Política Territorial aínda que non tiveran as fotos? ¿Por que precisaban as fotos, se tendo á súa disposición toda a documentación histórica da Xunta podían comprobar se eu cometera algunha irregularidade e, en consecuencia, denunciarme? ¿Por que? Porque non atoparon nada, porque non había nada. Porque só intentaban unhas fotos para insinuar, insinuar porque a verdade lles frustra a infamia. (*Aplausos.*) Insinuar, señorías. (*Aplausos.*)

Insinuar porque saben que no ámbito das miñas competencias xamais firmei, nin contratei, nin adxudiquei nada a esta persoa, que entón non estaba condenada por nada. Pero vostedes, señores do Partido Socialista e señores do BNG, que gobernaron no bipartito insinúan. ¿Saben de acordo coa documentación que ata o momento revisamos cal é a lexislatura de Galicia onde se lles dá máis diñeiro ás empresas do señor Dorado? Na lexislatura do bipartito. (*Murmurios.*)

Señorías, e dígoo con claridade: non cuestiono a legalidade do que fixeron, pero si a súa hipocrísia. E non insinúo, eu afirmo e podo afirmar coa verdade: a hipocrísia de escon-

derse detrás dunha insinuación, e a hipocrísia do pretendido discurso exemplarizante e moralizante que pretenden trasladar, tamén. Porque, señoras e señores da oposición, ¿acaso poñen vostedes a man no lume por todas as persoas coas que coincidiron ao longo de toda a súa vida?

¿Poñía o presidente González –ao que lle teño todo o respecto– a man no lume por Pablo Escobar? Pablo Escobar cando foi invitado á súa toma de posesión en 1982, ao ano seguinte vinculouse co narcotráfico, polo que finalmente foi condenado. ¿Poñían vostedes a man no lume por todos os membros dos seus partidos que despois foron encadeados por corrupción? ¿Poñía a man no lume o nacionalismo galego cando acordaba e enalzaba a un partido, Batasuna, que despois foi declarado ilegal por terrorismo? ¿Poñen vostedes, señoras e señores do Partido Socialista e de Izquierda Unida, a man no lume polo que está acontecendo en Andalucía coa fraude dos ERE, que afecta a máis de 700 millóns de fondos públicos? Non hai vinte anos, agora. E, señoras e señores do BNG, ¿poñen vostedes a man no lume polos membros de Bildu Amaiur? *(Aplausos.)* ¿Cren que poden dar exemplo de ética cando esa é a coalición coa que pretenden presentarse ante os galegos? ¿Cren que poden dar exemplo de ética cando aplauden o discurso de Arnaldo Otegi no cárcere por terrorismo? Non hai vinte anos, señorías, agora. *(Aplausos.)*

Señorías, todas estas relacións, non de hai vinte anos senón de agora, ¿convértenos a vostedes en narcotraficantes, corruptos, terroristas, defraudadores ou colaboradores de todo isto? Non, non, señoras e señores da oposición, pero si revela a súa hipocrísia. A mesma coa que actúan escondéndose tras a insinuación para tentar prolongar unha infamia frustrada pola verdade.

Señorías, eu non podo responder pola honorabilidade de todas as persoas que teño coñecido ao longo da miña vida, nin de todas as persoas coas que saio fotografado durante os meus 51 anos. Pero si eu teño que dar a cara e estou aquí para responder pola miña honorabilidade. Podo responder porque durante estes anos que as galegas e os galegos me outorgaron a súa confianza non teño feito outra cousa que traballar con esforzo polos intereses xerais. Que nestes anos pode ter habido ocasións nas que me podo ter equivocado, que hai xente que o está a pasar verdadeiramente mal, que a Xunta aínda non acadou solucións para os problemas que vive Galicia, que acadamos avances pero non todos os que

desexariamos... Pero que o que se pode dicir de min son estas fotos de hai dúas décadas é suficientemente revelador da súa hipocrísia. E o que eu podo afirmar coa tranquilidade da verdade é que sempre teño traballado polos intereses xerais, e que nunca deixei de dicir nin de facer aquilo no que creo e vou seguir dicíndoo e facéndoo e denunciando aquilo no que creo. E nada nin ninguén poderá evitalo porque só me debo aos galegos e ás galegas. *(Aplausos.)*

Non sempre, señorías, acertei nin acertarei, pero do que si poden ter garantía todos os galegos e as galegas é que sempre actúo e actuarei con esforzo e con honestidade, que sempre trato e tratarei de responder aos meus compromisos e que sempre, sempre, sempre darei a cara ante eles como hoxe e por eles coma sempre.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(Aplausos.)

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Moitas grazas.

(Aplausos.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Francisco Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, aínda que vostede presume de transparencia, en primeiro lugar, vostede acode a esta sesión arrastrado polas orellas pola oposición. *(Murmurios.)* E vostede seguindo a súa táctica habitual... *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...pretende transformar unha sesión de control ao Goberno nunha sesión de control

á oposición. Vostede pretende que nos quedemos mirando o dedo cando alguén apunta á lúa, niso consiste toda a súa argumentación.

Pero mire, señor Feijóo, vou comezar cunha pregunta. Se só son unhas fotos, ¿por que vostede presentou a súa dimisión ante Manuel Fraga cando tivo coñecemento da súa existencia? ¿Por que en 2003 consideraba que había motivos para dimitir e por iso puxo o seu cargo á disposición de Manuel Fraga e agora que é presidente, segundo vostede, todo é unha infamia?

Pero xa que falamos de fotos permítame que lle ensine unha, señor presidente, (*O señor Jorquera Caselas amosa unha foto a toda a Cámara.*) ¿coñecía? Só é unha foto, ¿verdade? É unha foto do ano 1982, trece anos antes da súa famosa foto xa co señor Marcial Dorado, é a foto da xeración perdida de Vilanova de Arousa. Eu recoméndolle que vexa a reportaxe *Marea blanca* de Televisión Española, unha reportaxe emitida xa hai ben anos. Narra a dicotomía na Vilanova de Arousa dos anos oitenta e noventa entre narcotraficantes e drogodependentes, entre asasinados e asasinados. Relata como Vilanova de Arousa naquela época foi quedando practicamente sen mocidade, diezmada polas drogas. E conta tamén a historia desta foto, señor Feijóo: das dez persoas que figuran nesta foto seis morreron vítimas das drogas. E mentres ían caendo un a un vostede acudía moi pretoño de alí visitar o seu executor, o señor Marcial da Illa, o seu amigo, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, hoxe acompañánnos homes e mulleres de asociacións de loita contra a droga, moitos deles con fillos drogodependentes. Pregúntelles a estes pais e a estas nais se coñecían quen era Marcial Dorado. Señor Feijóo, as súas explicacións son totalmente increíbles. É tan increíble que vostede non coñecese as actividades de Marcial Dorado como que a infanta Cristina non soubese dos negocios do seu marido, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

Mire, todo o mundo en Galiza sabía a que se dedicaba cada un, porque, ao primeiro, os que facían cartos co contrabando de tabaco pasáronse ao haxix e á cocaína, mentres seguían compartindo mesa e mantel cos políticos da época. ¿Sabe quen dixo isto? O narcotraficante arrepenido Manuel Fernández Padín. Nos anos oitenta e noventa todo o mundo sabía do contrabando do tabaco e sabía tamén como esas

redes de contrabando de tabaco nas rías galegas estábanse usando xa para o narcotráfico. ¿E vostede quere facernos crer que non escoitara falar da Operación Nécora? Mire, señor Feijóo, vostede toma por parvos os cidadáns, a súa intervención aquí demostra que vostede toma por parvos os cidadáns. A non ser que vostede, señor Feijóo, neste caso –e para variar–, en vez de seguir os consellos do franquismo, fíxese todo o contrario. E agora lle explico por que digo isto.

Mire, digo isto porque unha anécdota que se conta do franquismo é que un cidadán comentoulle a un director dun xornal que nas súas viaxes vía moitas cousas que a prensa do réxime non contaba. E o director contestoulle: *Pues mire usted, viaje menos y lea más los periódicos.* Iso foi o que lle contestou ese director dun xornal do réxime. Vostede, en cambio, se lle facemos caso, fixo absolutamente todo o contrario: viaxar viaxou moito: a Tenerife, a Ibiza, a Cascais, a lugares onde había neve –seguro que había moita neve–; ler, en cambio, parece que lía vostede moi pouco.

Voulle poñer outro exemplo, señor Feijóo. *ABC*, luns 18 de xuño de 1990: *El circuito de la coca en Galicia. Quién es quién. Marcial Dorado, señor Feijóo. El circuito de la coca en Galicia, Marcial Dorado. Marcial Dorado está procesado en el más importante sumario por contrabando que se ha incoado en Galicia con fecha de 1984. Se le considera como el dirigente de una de las principales organizaciones contrabandistas y jueces franceses y suizos lo relacionan con una operación internacional de blanqueo de dinero procedente del contrabando y denominada Peseta Connection.* 1990, señor Feijóo. ¿E vostede ata 1997 non se enterou? ¡Ah, perdón, perdón, señor Feijóo, esquecíame! Si, vostede tivo a precaución de lle preguntar ao testafarro de Marcial Dorado se o seu xefe andaba en negocios suxos; pero, claro, o testafarro díxolle que non.

Mire, señor Feijóo, unha recomendación, por favor: se vostede deixa a política, por favor, non se meta a detective privado, non se meta a detective privado. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, estase convertendo en norma que vostede apele á ignorancia para xustificar o inxustificable. Tamén dixo que descoñecía que Pablo Crespo estaba en Portos de Galiza cando vostede era conselleiro de Política Territorial.

Vostede –insisto– toma por parvos os galegos, pretende tomar o pelo a todos os cidadáns. Por moito que vostede

falase dunha relación indirecta e circunstancial, todas as informacións demostran que foi unha relación estreita e duradeira no tempo. Por moito que vostede diga que rompeu a relación ao saber que tiña causas coa xustiza, das propias declaracións do xuíz Taín dedúcese que a relación se mantivo entre 2001 e 2003. Por moito que vostede diga que son fotos de xuventude, vostede xa non era un rapaz, señor Feijóo, vostede ocupaba un alto cargo na Xunta de Galicia, vostede tiña 34 anos e ocupaba xa un alto cargo; vostede non comparece neste Parlamento por ter fumado algún canuto nos seus atolados tempos de mocidade, señor Feijóo. Non tome o pelo aos galegos e ás galegas.

E non se escude vostede, señor Feijóo, en que o relevante é que para a xustiza as fotos son irrelevantes, porque aquí non estamos examinando responsabilidades penais, señor Feijóo, aquí estamos xulgando responsabilidades políticas.

Estes días, efectivamente, apareceron informacións que indicaban que Marcial Dorado era provedor de combustíbel para a calefacción do Sergas cando vostede era número dous da consellería. Pero iso agora non é o relevante. Estes días tamén hai informacións que lembran as declaracións do capo Laureano Oubiña dicindo que axudou a financiar Alianza Popular con diñeiro do contrabando. E outras que lembran as conexións de coñecidos capos con Alianza Popular primeiro e o Partido Popular despois. Pero, señor Feijóo, tampouco vou centrar nestes aspectos o debate.

Mire, non sei o que buscaba vostede relacionándose con Marcial Dorado, pero si sei o que buscaba Marcial Dorado relacionándose con vostede: buscaba recoñecemento social, señor Feijóo. (*Aplausos.*) Mire, mentres o pobo, mentres as nais como as que están na tribuna libran unha auténtica batalla contra as mafias, vostede, acudindo ás casas do señor Marcial Dorado, navegando no seu iate, asistindo ás súas festas, proporcionáballe recoñecemento social. Vostede, señor Feijóo, era o número dous da Consellería de Sanidade e as drogas eran xa un problema de saúde pública de primeira magnitude en Galiza. E iso é o que estamos valorando, señor Feijóo: comportamentos políticos, responsabilidades políticas.

E non é digno de ser presidente da Xunta de Galiza, de ser presidente de todos os galegos e as galegas, unha persoa que se relacionou durante anos cun capo da mafia. E non é

digno ademais de ser presidente de Galiza, de ser presidente de todos os galegos e galegas, un presidente instalado na mentira, un presidente que mente por sistema. Porque vostede chegou á Presidencia da Xunta instalado na mentira, señor Feijóo.

Mire, vostede xa sabía da existencia destas fotos –o BNG desde logo non, e é outra mentira súa–.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Vostede xa sabía da existencia destas fotos cando esixiu a dimisión de Anxo Quintana e agora di que son irrelevantes unhas fotos de vostede cun mafioso. Ese é o seu sentido da ética política. E aínda por riba, (*Aplausos.*) e aínda por riba, ten o cinismo agora de dicir que nunca dubidou da honorabilidade de Anxo Quintana. Pois aínda estamos esperando a que lle pida perdón.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor Feijóo, vostede –remato xa, señora presidenta– mente por sistema, mente cando di defender que Galiza teña entidades financeiras propias –e unha resposta recente do Goberno central demostra que é mentira–. Mente cando di defender os afectados polas preferentes e logo admite que en Madrid espollen os seus aforros. Mente cando dixo en campaña que non ía pedir máis sacrificios aos empregados públicos, despois díxolles que había que escoller entre despedimentos e recortar salarios e ao final houbo despedimentos e recorte de salarios.

A señora PRESIDENTA: Señor Jorquera, moitas grazas.

O señor JORQUERA CASELAS: E mente cando di que rachou a súa relación con Marcial Dorado en 1997 e que descoñecía as súas actividades. E unha persoa que mente non é digna de presidir este país.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Mire, señor Feijóo,...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, o seu tempo rematou xa, ¡eh!

(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Señor Jorquera ...

(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(Aplausos.)

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Debo confesar, señorías, que, cando viña hai cousa dunha hora para esta Cámara, sentía noxo de ter que tratar un tema como este, que é un tema de moralidade e de conciencia, nunha cámara de representantes. E máis aínda na circunstancia do pasamento do meu vello sempre mestre e amigo José Luis Sampedro, que é deses seres humanos que lle fan a un sentirse orgulloso de pertencer ao mesmo xénero, exactamente na antítese do que me acontece con vostede, señor Núñez. Agora xa non sinto ese noxo, sinto unha indignación dificilmente refreable.

Se faltaba algunha proba no plano da caracteroloxía psicolóxica de que o de vostede é moitísimo máis grave aínda do que calquera de nós podía sospeitar, eu, que nunca fixen xuízo de intención de ninguén, que non son suspicaz —a proba acaba de dala vostede co recital de desvergoña absoluta, de soberbia, de desprezo dos valores dos cidadáns que vostede acaba de dar—, eu, que son vello e padecín —corenta anos primeiros da miña vida— o fascismo, vía a faciana do fascismo outra vez nesta Cámara, a demagogía do fascismo, de los Girón e compañía, dos que pasearan xente no 36 e presumían de catolicismo integral. Sublévome. Apenas teño capacidade de reprimir a miña indignación.

Mais cómpre analizar o problema. Vostede pretende erixirse no que detenta o poder legislativo, o poder executivo e o poder xudicial, para xulgar a si mesmo, como os magnates alburgueiros do século XIII. Vostede parece... ¿Leu vostede *Les liaisons dangereuses*, de Choderlos de Laclos? Supoño que si, porque vostede disque é culto. Non sei cal personaxe representa, nese retrato do proceso de descompo-

sición da aristocracia libertina do Antigo Réxime antes da Revolución Francesa: se Valmont, o sedutor; se Madame de Merteuil, que foi a putrefacta corruptora; ou, se se cadra, segundo as súas versións, Mademoiselle Cécile de Volanges, la seducida. Vostede foi o seducido. Francamente, ¡eh!

A realidade, cada individuo é a realidade á que configura o ideario, a escala de valores e as pautas de conduta social do individuo, e non ao revés, non ao revés. Cada grupo social configura a visión do mundo e dos seus membros, inda que a sensibilidade, a vontade e a capacidade de reflexión do individuo pode modificala e transformala.

Vostede optou por relacionarse e inserirse acriticamente nun medio, entorno social, cultural e ideoloxicamente reaccionario, fascistoide, antidemocrático, antitético da cidadanía, do común deste país, politicamente en Alianza Popular e logo PP, que tiña todas as relacións coas redes do contrabando e do narcotráfico, como está demostrado dende a mesma transición, no financiamento, na cooptación, e así sucesivamente. Lean vostedes un libro que foi Premio Ortega y Gasset de Xornalismo de investigación, de Benito Leiro, que se titula *Un lugar tranquilo*; está todo documentado cos informes policiais nos sumarios sucesivos dos anos oitenta. É antitético da cidadanía, do común deste país, a súa visión. Vostede elixiu as súas compañías.

E o que vimos tratar aquí é un problema que suscita este debate que cómpre analizarmos. Consiste na conduta de vostede como político en dous episodios distanciados entre si por dous decenios. O primeiro, o comezo da súa enigmática relación con Marcial Dorado. Eu non fago xuízos de valor nin intención, nin prexulgo, coma vostede, que prexulga a toda a oposición. Veu vostede xulgar a oposición, ¡é o colmo, vamos! A falta da máis elemental xa non digo modestia, senón prudencia democrática.

Ao comezo da súa enigmática relación con Marcial Dorado a principios dos anos noventa, cando vostede era un alto cargo da Consellería de Sanidade e a droga estaba a facer estragos neste país, e a sida. Teño amigos, e mesmo parentes, desas xeracións vítimas da sida da época na que vostede tiña responsabilidades como segundo de abordo de Romay Beccaría —¡Ave María!— da Consellería de Sanidade da Xunta presidida por Fraga.

¿Non se enteraba tampouco do que pasaba?, ¿de que non había absolutamente ningunha protección preventiva nin contra a drogodependencia nin contra o narcotráfico? Só as mulleres de Arousa que se ergueron contra os narcotraficantes, (*Aplausos.*) arrostrando a presión, a violencia. Choraban aínda hai tres días falando con nós. E vostede estaba neses medios.

Nesa Europa democrática da que vostedes falan dimiten ministros e ministras por cousiñas como unha multa de tráfico falsificada, e vostede vén aínda aquí insultar a oposición e os cidadáns que nós representamos, e a xente que está aí arriba representando os que padeceron aquela peste en primeira liña de fogo.

Faime vostede chorar, de noxo, de carraxe e de indignación.

E logo a súa relación máis tarde e a súa reacción perante a revelación pública daquela relación agora, cando vostede é presidente electo da Xunta de Galicia.

A clave do problema radica non na intimidade dunha relación persoal entre dous individuos calquera senón na relación bipolar entre ética e política; unha relación tantas veces contraditoria, en ocasións incluso dilemática, que na súa peripecia simplifica negativamente. Nos dous episodios vostede violou e está a violar os principios e valores elementais dunha ética social honestamente democrática.

E o contexto deses dous episodios é análogo. O primeiro, as relacións espurias da urdime de Alianza Popular primeiro e do PP despois coa trama dos clans arousáns do fume e da fariña –contrabando e narcotráfico–, que existían dende a transición e que atinxían o financiamento ilegal, o control social e o caciquismo electoral –ou sexa, a corrupción– e que o continuaron cando os clans pasaron do contrabando ao narcotráfico. Está documentado o ano 1987 como ano clave para o paso do fume á fariña; seis anos antes de que vostede –disque– entrara en relación por primeira vez con Marcial Dorado.

E agora o contexto é o paroxismo do destape da corrupción no aparato do Estado, no Goberno do Partido Popular, na Casa Real e nas oligarquías empresariais e financeiras. Porque corrupción tamén é a estafa dos poderes financeiros sobre os cidadáns do común; porque corrupción é absoluta-

mente todo o que está entrañando nun réxime mal nacido, como algúns dixemos, os que loitamos contra o fascismo, e non votedes, que viñeron aquí e se empoleiraron nun tren en marcha. É que, evidentemente, os feitos son moi claros.

No 1993 vostede fíxose amigo dun delincuente por mediación doutro delincuente, testafarro do primeiro e chofer do conselleiro Romay, home forte do Opus en Alianza Popular e no PP, man dereita de Fraga no Ministerio de Gobernación franquista, cando os mortos de Vitoria e “*la calle es mía*”. Eses son os seus medios de orixe.

En 1980 informes policiais identifican sete clans do fume, un deles é Dorado-Falcón –con Luís Falcón ou “Falconetti”–. No 1983, en decembro, a operación de Virxinio Fuentes, centrada nos clans Sito, Barreiro... Fuxida a Portugal. Dorado está en Suíza. Entrevista con Albor en Vilanova da Cerveira. Retorno pactado dos contrabandistas. As mediacións feitas polo presidente da Xunta daquela.

En 1990, Operación Nécora I, en xuño; e, en xullo, a II. Dorado imputado, logo libre por falla de probas. No 1983 Dorado estaba nese momento en Suíza; en vez de fuxir a Portugal, veu de Suíza a Portugal e agardou alí a que lle deran a amnistía. En 1993 está publicado o libro ao que me refiro.

Dende os anos oitenta a mocidade comeza a padecer a peste da drogadicción e da sida. Comeza a traxedia da “xeración perdida” diezmada polas sobredoses...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ... –vou rematar, señora...; se dá igual, hai un segundo turno aínda– da hepatite B e da sida. Dende as fins dos anos oitenta comeza, insisto, a heroica loita das mulleres e cidadáns da Arousa.

E vostede, mentres tanto, di que foron “unhas fotos de certa relación simplemente de ocio”. Se vostede non sabía o que ocorría neste país, ¿como podía estar nun cargo de tanta relevancia da Consellería de Sanidade? Se vostede non sabía quen era Marcial Dorado, ¿con que capacidade, intelixencia e coñecemento do país pode vostede aspirar a rexer un goberno dos galegos e das galegas? Vostede é a indecencia

feita persoa. Vostede despreza a moral, despreza a ética, despois de todo por unha cobiza, unha ambición, dun poder, que, á parte de efémero...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO:..., está oco, baleiro de contido; non lle vale máis que nada para o seu propio narcisismo vaidoso. E, mentres tanto, os cidadáns padecen a peste que vostede significa.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señora presidenta, señorías.

Señor presidente, permítame que empece recordando para que é esta comparecencia. Non é para falar da oposición no Parlamento galego, é para falar de vostede, señor presidente; de vostede e da súa relación durante moitos anos cun narcotraficante, Marcial Dorado, que hoxe se atopa nun cárcere de Salamanca detido por un alixo de 6.500 quilos de cocaína. Primeiro dato que lle quero recordar. Por iso estamos falando no Parlamento galego.

Intentou vostede e segue intentando negar unha serie de evidencias que non só cada día o descualifican máis, señor Feijóo, senón que o máis grave é que lle están facendo un dano inmenso a Galicia e ao Goberno deste país.

Non estamos no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, señor Feijóo, estamos no Parlamento galego, falando de política e de ética. Cando saíu á luz esta relación, pedímoslle, pola súa gravidade, explicacións, pero vostede, cada vez que fala, en vez de dar explicacións, dá argumentos completamente inverosímiles que fan que ninguén poida crer o que está dicindo.

Señor Feijóo, estes feitos que vostede intentou ocultar durante moito tempo xa forman parte do presente –antes eran parte do seu pasado–, agora son parte do presente de Galicia e do seu presente. E, non teña dúbida, van formar

parte sempre do seu futuro. Pero vostede pode conseguir que ese futuro non contamine e non afecte a Galicia deixando a Presidencia deste país.

Dixo vostede, na técnica de negalo todo: “Non hai caso nin causa”. Parece que non opinan así os diarios franceses, os diarios italianos, os diarios ingleses e os diarios alemáns, que din que hai unha rexión en España onde o seu presidente está vinculado a un grave caso de relación cun narcotraficante. Dixo vostede no ano 2009, señoría –se non lle acorda, que llo acorde o señor Rueda–: “Un goberno non se pode fotografar en malas compañías, e, se se fotografa, ten que dimitir”. Señor Feijóo, daba igual que aquelas fotos que vostede ensinaba foran de hai cinco anos antes de cando as ensinou, e permítame que reflexe a súa catadura moral para naquel momento ensinar as fotos de Quintana sabendo que vostede tiña escondidas no caixón as súas fotos con Marcial Dorado. (*Aplausos.*) ¡Vaia personaxe!

Mire, vostede está caendo en moitas contradicións, e permítame que entre directamente en materia. Mire, vostede mantivo unha relación persoal con Marcial Dorado desde 1995 ao 2003. Non foi unha relación ocasional, foi intensa, fluída e mantida no tempo durante case nove anos, e para explicala vostede recorre a catro grandes mentiras. Permítame a primeira: “É que eu non sabía no ano 1995 quen era Marcial Dorado”. Señorías, toda a prensa e toda a xente que nos estea atendendo pode coller este dossier que acabamos de entregar; un dossier que reflexa o que poñía a prensa no ano 1990 sobre Marcial Dorado: en 1983, detido por contrabando; en 1989, detido por investigación de branqueo de diñeiro; en 1990, detido na Operación Nécora, a maior operación xudicial contra o narcotráfico; no ano 1992, incluído polo Goberno civil de Pontevedra nos capos galegos. E levan aí tamén todos vostedes un resumo de medios pouco sospeitosos: 1990, *ABC*, “*El circuito de la coca. Marcial Dorado*”; *El Mundo*, 1990, “*La policía detiene en Pontevedra a 18 capos del narcotráfico*”; *El País*: “*Gran redada contra el narcotráfico en Galicia*”, 1990.

Non minta, non minta. Vostede, non só é mentira que non coñecía a Marcial Dorado, senón que seguramente era dos galegos que mellor o coñecía, porque andaba todo o día con el. (*Aplausos.*) Claro, haberá moita xente que non viaxaba con el, pero vostede si. ¿Quen era vostede, señor Feijóo?, ¿quen era vostede naquela época, no ano 1991? Secretario

xeral técnico da Consellería de Sanidade, número dous da consellería, secretario xeral do Sergas; no 1996, secretario xeral de Asistencia Sanitaria do Ministerio de Sanidade; 2000, secretario ou presidente de Correos.

¿Que estaba sucedendo naquel ano en Galicia? Ano 1994, número dous da Consellería de Sanidade. Ano 1994, ¿sabe cal era a primeira causa de morte nos mozos galegos entre 25 e 34 anos? A drogadicción e a sida, e vostede era o número dous da consellería. ¿Sabe que pasaba? Que a sociedade galega se organizaba e loitaba a través de manifestacións nas rúas. ¿Sabe que pasou no 1993 –e vaille nese dossier–? Quince mil persoas recorrían as rúas de Vilagarcía manifestándose contra os narcotraficantes. E mentres os cidadáns e as nais percorrían as rúas de Vilagarcía contra os narcotraficantes, vostede percorría as rúas no iate do narcotraficante. (*Aplausos.*) Que distinto, ¿verdade? ¿É mentira, señor Feijóo? É mentira que vostede diga que non sabía quen era el.

Segunda mentira: “Cando o souben, no ano 97, cortei toda relación”. E agora resulta que os pinchazos telefónicos a Marcial Dorado din que vostede seguía falando con el. ¿De que falaban? ¿A algún de vostedes o chamou Marcial Dorado para felicitarlle o cumpreanos ou para felicitarlle o santo? Non. A min tampouco. (*Aplausos.*) A vostede, si. ¿Quen chamaba a quen?

Terceira mentira: “Son só fotos”. Señor Feijóo, non son só fotos, é unha vida, é unha década da súa vida viaxando en iate, comendo na súa mansión, acompañándoo a Portugal, a Andorra, aos Picos de Europa, a Ibiza, a Cascais acompañándoo ás Canarias, pasando a noite de Fin de Ano en Cascais con el. Señorías, ¿vostedes con quen pasan a noite de Fin de Ano?, ¿con alguén que non coñecen de nada? Eu pásoa coa miña familia, cos meus fillos e cos meus amigos, non con alguén que non coñecemos de nada, señoría. (*Aplausos.*)

Señoría, sendo un alto cargo, fágolle unha pregunta: ¿quen pagaba as viaxes?, ¿quen pagaba as festas? ¿Cal era o motivo da súa amizade? Vostede era o número dous da consellería. Xa sei que perdeu a memoria, señoría –que frase tan grande–: “*Sólo sé que había nieve*”.

Non, pero ten que saber máis cousas: a austeridade. Vostede, que era austero: “Acabou a infamia”. Señoría, acabou

a infamia agora. ¿Por que dimite no 2003 co señor Fraga? ¿Por que vai vostede no 2003 e di: señoría, ou señor Fraga, teño que dimitir, e dille Fraga: Non, amigo, tranquilo, fotos desas témolas todos? ¡Todos non! (*Risos.*) ¡Todos non! ¡Todos non! (*Aplausos.*)

Señorías, señor Feijóo, permítame que llo diga, si, permítame que llo diga: señor Feijóo, leva vostede quince anos na mentira; señor Feijóo, vostede é unha mentira; señor Feijóo, vostede só está preocupado, non pola imaxe de Galicia, está preocupado polo seu futuro, pola súa carreira. Vostede ocultoulle a Galicia o seu pasado cun narcotraficante e, cando se lle descubriu, mentiulle a Galicia.

Eu quérolle facer unhas preguntas moi concretas, suba aquí e non fale de abstracto, fale de concreto, primeiro:

¿Segue mantendo vostede que un cargo público non debe fotografarse con malas compañías e debe dimitir se o fai? ¿Era vostede cargo público ou Marcial non era unha mala compañía? Son as dúas explicacións.

¿Segue mantendo vostede aquí, ríndose de toda Galicia, que vostede non sabía quen era Marcial Dorado? ¡Por favor, non insulte a intelixencia dos galegos!

¿Segue mantendo vostede que cortou con Marcial Dorado no ano 1997, habendo conversas gravadas entre vostede e Marcial Dorado no 2001 e 2003?

Di vostede que o amedrentaron con estas fotos. ¡Oia, presidente!, se alguén chantaxeou o presidente de Galicia eu quero que presente unha denuncia contra quen ameaza e quen chantaxea o presidente de Galicia. (*Aplausos.*)

Dígolle máis, señor presidente, dígolle máis: ¿segue habendo...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...algo con que chantaxeo-lo?, ¿segue habendo máis fotos? ¿Quen o está amedrentando? ¿Por que vostede tiña todo ocultado? Vaia á policía. Eu non quero un presidente que estea nin ameazado, nin chantaxeadado.

Vou rematar, si. Señorías, aínda non lle escoitamos a vostede pedir perdón, parece que imos ter que pedirlle perdón a oposición e os galegos a vostede por ser amigo de Marcial Dorado.

Pero mire, para rematar esta intervención, eu só quero que lle diga á súa xente algo que nos ten que dicir a todos. Vostede tivo un pasado que ocultou e que o tivo escondido, actuou de maneira indigna sabendo o que tiña debaixo e facéndose o grande inquisidor e o grande austero e o home que lle puxo deberes a todo o mundo, pero agora chegou o momento da verdade, señor Feijóo, agora ten que tomar unha decisión e eu pídlle que sexa xeneroso.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Vai ter vostede no futuro da súa vida que levar ás súas costas unha mentira e unha relación que nunca tivo que ter feito. Non lle faga a Galicia levar isto tamén ás súas costas. Dimita vostede como presidente deste país. Faga todo aquilo que dixo vostede ao longo de moitos anos nesta Cámara. Manteña a ética,...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...manteña a responsabilidade, e se vostede lle quere a este país, o viacrucis que o vai acompañar toda a súa vida, non faga que acompañe tamén a Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Estamos hoxe ante unha comparecencia por petición da oposición, que considera que o tema máis importante, o problema máis grave que ten Galicia nestes momentos é unha foto do señor Núñez Feijóo de hai vinte anos. Unha foto sobre unha persoa que hoxe é o presidente da Xunta de Galicia, simplemente por dous motivos: primeiro e fundamental, porque conta coa confianza do pobo galego, pola xestión

feita como presidente da Xunta de Galicia nos últimos cinco anos, e porque chegou á presidencia da Xunta de Galicia e exerce a presidencia de Galicia desde a verdade, sen mentir e coa transparencia por diante. (*Aplausos.*) Iso é o que xustifica a aceptación desta comparecencia e da súa exposición queda claro que vai coa verdade e coa transparencia por diante. Eses criterios de actuación política, simplemente por eles, xa chegan para que manifestemos o apoio total e absoluto do Grupo Popular ao presidente da Xunta de Galicia.

Ben, ¿de que estamos a falar? Estamos a falar das fotos de quen era entón un xestor do Sergas, captado pola súa capacidade e perfil xestor, que non tiña ningún cargo no Partido Popular, nin ningún cargo ou ningunha militancia política, cunha persoa que anos despois, moitos anos despois, despois de ser xulgado polo xuíz Garzón por delito de contrabando e fora liberado, saíra sen ningunha carga polo xuíz Garzón, e foi acusado no ano 2003 polo xuíz Taín por narcotráfico e condenado. A primeira condena é do ano 2009.

Moi ben, vostedes sacan unha foto dos anos noventa, de hai vinte anos, empezan a insinuar cousas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes traen aquí esa foto nesta comparecencia, ¿se lles parece pouco! E empezan a dicir que unha imaxe vale máis que mil palabras, e non só esixen explicacións, senón que incluso na petición de comparecencia do Grupo Socialista xa non é a explicación dunhas fotos, é a relación co clan de narcotraficantes. Ben, esta é a forma de actuar da oposición.

E é certo que unha imaxe ten o seu significado. Unha imaxe manda unha mensaxe estática, unha mensaxe non dinámica que non di máis que o que sae na imaxe e que hai que contextualizar no momento no que se fai. Eu creo que o fundamental desta fotografía é contextualizala, e non o fixen eu, fixoo recentemente a Fundación contra o Narcotráfico. Supoño que non sospeitarán se esta fundación —á que tamén o presidente quere dar resposta coas súas explicacións hoxe— define que as fotos foron feitas hai vinte anos cando contrabandistas e narcotraficantes trataban de lexitimar o seu comportamento buscando a súa integración coa sociedade.

O señor Jorquera dixo isto: ¡Iso é o que hai!, el foi utilizado efectivamente por narcotraficantes, (*Protestas.*) (*Aplausos.*) por narcotraficantes. E vostedes... Non outro motivo ten gardar caixas e caixas de fotos con moitos perso-

eiros públicos, e se estamos en contra do narcotráfico é bo que lembremos isto.

A oposición, nun exercicio de uconía fabuloso, o que fai é dicir que é a foto do presidente da Xunta cun narcotraficante. Non, señores, non o é; é a foto dunha persoa de hai vinte anos que estaba cunha persoa que non se sabía nin estaba condenada, nin acusada de narcotráfico (*Risos.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...e que estaban xogando a infiltrarse na sociedade.

Vostedes piden responsabilidade política. A responsabilidade política é polo exercicio do goberno, polo exercicio do cargo que se ocupa. Isto está coñecido na teoría política de toda a vida. Vostedes piden responsabilidade política por unha foto de ocio de hai vinte anos. ¿Vostedes cren que se pode pedir responsabilidade política cando non hai ningunha decisión tomada, cando non se asinou ningún papel, cando non se favoreceu desde ningún posto no que estivera o presidente da Xunta ao señor Dorado? ¿Vostedes cren que é razoable pedir responsabilidade política por isto?

Miren, hai unha diferenza entre dúas fotos. Esta era unha foto de ocio con alguén que nunca fixo negocios coa Xunta e a outra foto era de alguén que estaba na Xunta (*Protestas.*) e que lle deu unha gran concesión ao señor que estaba no barco (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Esa é a diferenza, esa é a diferenza. Nun caso hai responsabilidade política, porque se tomaron decisións no exercicio do cargo, e noutro caso non hai. (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdoe un momento, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Responsabilidade política...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, señor Puy.

Señora Pontón, señora Pontón, teña por recibida unha chamada á orde.

Siga, por favor, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Falemos de responsabilidade xurídica. Se vostede quere que vaíamos aos xulgados, ¿por que non van vostedes denunciar o presidente? (*Protestas.*) Responsabilidade xurídica. O xuíz que encarcerou ao señor Dorado, que seguiu todos os seus movementos, di: non atopamos indicios de delito nin nas escoitas, nin nas fotografías (*Protestas.*), non hai responsabilidade xurídica. (*Aplausos.*) Outro xuíz, outro xuíz (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) outro xuíz, o xuíz Villagómez:...

A señora PRESIDENTA: Perdón.

O señor PUY FRAGA: ...“*Sin duda hay en la información elementos veraces que el propio afectado ha reconocido, pero no es menos cierto que el contenido despide una evidente manipulación interesada de conectarlo con un sobreenvenido narcotraficante.*” Isto é o que di outro xuíz. Onte mesmo, o Fiscal Xeral de Galicia: “É un debate político, as fotos de Feijóo e Dorado, pero non ve ningún feito punible.” (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿E vostedes que fan?

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, chámooa a orde.

O señor PUY FRAGA: ...Vostedes o que fan é criticar o xuíz. (*Protestas.*) E falan aquí de moralidade. O que menos ten que queixarse é o Bloque, porque o señor líder que teñen vostedes agora dixo directamente: “A ver que dicía o xuíz Taín, que ía perder a neutralidade”. Iso foi o que dixo o señor Vence, e aí teñen vostedes a información para cando a queiran.

Non hai responsabilidade política, non hai responsabilidade xurídica, e os romanos tiñan un delito que se castigaba co delito... —é un delito coñecido no dereito romano—, que é a nota de infamia que os censores ou maxistrados facían cando unha persoa traizoaba a confianza que se depositaba nela. A infamia era xulgada e esta persoa perdía os seus dereitos políticos, non os civís, non os de personalidade. Vostedes viven na infamia, pero non na infamia xurídica, porque non hai caso xurídico nin hai caso político; vostedes viven noutra clásica forma de infamia, que os romanos chamaban “*infamia facti*”, que é partir dunha apariencia e realidade para desprestixiar a unha persoa. Isto é predemocrático, isto é predemocrático. (*Aplausos.*)

Están nunha infamia da peor caste: tirar dunha foto de hai vinte anos, de cando non se sabía que este señor tiña relación co narcotráfico (*Protestas.*) por parte de quen se fotografou ao seu lado, tirar que todo o PP está cheo de narcotraficantes, que o sistema está podrecido, etc., etc. E vostedes estallan facendo o xogo, e despois... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu digo que lles estades facendo o xogo a estes señores, que o que queren é saltar co sistema, porque o sistema está podrecido, e vostedes non se decatan (*Protestas.*) e fanlle... E lea a Todorov, se fai o favor, lean a Todorov, sobre cal é o papel dos partidos da extrema esquerda e cal é o papel que deben desempeñar... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ...e xa verán... Vale, ben. Perdón, presidenta, eu... (*Aplausos.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Perdón, señor Puy.

Señora Martínez, ten unha chamada á orde.

Continúe, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Esta infamia ten unha historia. ¿Por que me dirixo ao señor Vázquez? Desde xuño de 2010: “*o PSdeG vincula a la Xunta de Feijóo con la corrupción y el narcotráfico.*” Non sabía das fotos, pero xa ía soltando. 18 de febreiro do 2011: “*Pachi dice que Feijóo y el narcotráfico andan ahí, ahí.*” 28 de marzo do 2011, aí o señor Pablo García: “*Mariano Rajoy ten que explicar que facía a bordo do barco dun narcotraficante.*” (*Protestas.*) Vostedes viven na infamia, na infamia, permanentemente. E agora anda facendo por aí, paseando o book das fotos, anunciando cando van saír ou cando non van saír.

É que esta é a forma de facer política do señor Vázquez. Empezamos a lexislatura pasada: “*Rueda foi cun maletín a entregarlle 120.000 euros ao PP de Venezuela.*” Despois seguiron dicindo que Rueda tiña un contrato ilegal na deputación. Despois mandaron aos tribunais a unha persoa porque supostamente firmara un contrato irregular. Despois seguiron con que os médicos daban altas a cambio de 30 euros. Vostedes viven permanentemente na infamia, ¿pero onde van con isto? Non sabemos onde van, como dixo o presidente: “*Aí, aí, á oposición.*” (*Aplausos.*)

E como aproveita todo o que se move –ao presidente que o acusan de non ter capacidades adiviñatorias–, pois o señor Vázquez aproveita todo o que se move, titula: “*El caso Campeón destrozará a la Xunta.*” Xa se ve a quen destrozou o caso Campeón. (*Aplausos.*) Aínda que sabemos que a vostede non lle apena especialmente este asunto, ¿non? (*Risos.*)

Estamos cunha oposición: Plan estratéxico para Galicia, marchan da Comisión. ¿Quen levaba o Plan estratéxico? O señor Leiceaga. Non está no Parlamento.

Directrices de ordenación do territorio, pacto co Partido Popular. ¿Quen o levaba? A señora Barcón. ¿Onde está a señora Barcón? Non está no Parlamento. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PUY FRAGA: Lei de estabilidade orzamentaria, ¿quen a levaba? O señor Leiceaga. Non está no Parlamento. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Puy, por favor.

O señor PUY FRAGA: Lei da televisión, ¿quen a levaba? O señor Lage. Non está no Parlamento.

É unha oposición que vive na infamia, e cando hai algún deputado que pacta co Partido Popular o seu resultado é que sae do Parlamento. Esta é a oposición, (*Aplausos.*) esta é a oposición,...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...esta é a oposición que temos, é a oposición que temos. Hoxe, o señor Vázquez conseguiu por primeira vez que toda a oposición, AGE e o BNG, o aplaudiran, xa ten un líder; unha oposición en base a xuntarse na infamia. (*Aplausos.*)

Hoxe quedou claro que o obxectivo da oposición non era atender explicacións nin aclaracións, só pedir a dimisión, e pedila de modo inmediato e preventivo, porque xa a pediran antes de que comparecera o presidente.

Hai unhas fotos que nin establecen responsabilidade xurídica nin responsabilidade política, e o único que estamos é pedindo unhas responsabilidades baseadas na infamia...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Puy, por favor.

O señor PUY FRAGA: Estas fotos a quen máis e mellor retratan é á oposición, que as usa para facerlle dano a unha persoa, a un partido e a un dos piares da democracia constitucional na que vivimos. *(Murmurios.)*

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica...

(Aplausos.)

Réplica do presidente da Xunta.

(O señor Fernández Calviño pronuncia palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Téñase por chamado á orde. Grazas.

(O señor Fernández Calviño continúa pronunciando palabras que non se perciben.)

A señora PRESIDENTA: Téñase por chamado á orde unha segunda vez coa advertencia de que á seguinte abandona a sala.

Presidente, ten a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, como lles comentaba ao inicio da miña intervención, xa sabía que esta comparecencia non ía servir para nada en relación coa acusación da oposición. Sabíao antes de ser pedida a miña comparecencia, sabíao cando a aceptei, sabíao cando a iniciiei e confirmoo cando está rematada.

Señorías, non soamente vostedes insinuaban porque a verdade lles frustraba a infamia; hoxe non insinúan, hoxe acusan. E acúsanme de ter relación co narcotráfico, e acú-

sanme de ter relación con delinquentes como consecuencia das drogas, e acúsanme con ter relación coas mortes de miles de rapaces polas drogas e pola Sida. Señorías, non merecen a acta de deputados, *(Aplausos.)* simplemente, señorías; *(Aplausos.)* simplemente non a merecen. *(Aplausos.)*

Señorías,... *(Aplausos.)* Señorías, vostedes non queren contestar, nin aceptar, nin discutir, nin dialogar sobre nada; vostedes veñen aquí simplemente volver condenarme como fixeron desde o principio. Dáballes igual o que dixera, dáballes igual a miña comparecencia, dáballes igual o que dixera un xuíz, porque agora resulta que eu tamén controlo o poder xudicial-. Dálles igual... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Ve? Xa está claro que si, *(Interrupcións.)* xa está claro que tamén controlamos os xuíces que meten na cadea ao señor Dorado.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Esta é a clase de oposición democrática que ten o Parlamento galego.

Señorías, vostedes veñen aquí acusarme, eu veño aquí dar explicacións ao meu pobo. E por iso, señorías, hoxe sintome máis orgulloso que nunca *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* de ser o presidente dos galegos e das galegas *(Aplausos.)* por segunda vez consecutiva, *(Aplausos.)* por segunda vez consecutiva. *(Aplausos.)*

Señorías, vostedes preguntanme se eu non coñecía as actividades do señor Dorado antes de que se produciran. A resposta é que non, evidentemente. Pero vostedes si que coñecían as actividades do señor Dorado e teñen vostedes aquí todo un elenco de resumos de prensa. E entón, como consecuencia diso, ¿por que durante a lexislatura do bipartito se conceden axudas e subvencións por un importe superior a calquera outra lexislatura? Señores do bipartito, ¿é que acaso vostedes non coñecían no ano 2005 ao ano 2009 o señor Dorado e as súas empresas? ¿E por que lles conceden subvencións ao señor Dorado e ás súas empresas por un importe superior a calquera das outras lexislaturas do presidente Fraga? Señorías, ¿a quen queren enganar?

É evidente, señorías, que vostedes non coñecían esas actividades, por iso lle concedían esas subvencións; como

era evidente que nós non coñecemos as súas actividades. Aínda, iso si, cunha diferenza: cando vostedes concedían as axudas o señor Dorado estaba condenado e na cadea, e cando nós e eu vin o señor Dorado non estaba nin condenado nin na cadea. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza, señoría. Si, señoría, *(Aplausos.)* esa é a gran diferenza. *(Aplausos.)*

Señorías, vir aquí imputarme unha relación de intereses co señor Dorado cando vostedes estaban no Goberno e deron máis axudas ás empresas do señor Dorado que cando eu estiven no Goberno, ¿a quen lle estamos falando?, ¿de que nos están acusando?, ¿que é exactamente o que fixemos?

Señorías, falan vostedes das fotos do vicepresidente. “Cada un debe ser responsable das compañías que escolle e dos transportes que utiliza”. ¿Sabe quen dixo iso? O presidente da Xunta de entón. Literalmente, volvo lelo con literalidade. Cando se lle pregunta na mañá que aparecen as fotos do ex vicepresidente nun xornal, o presidente da Xunta responde: “Cada un debe ser responsable das compañías que escolle e dos transportes que utiliza”. Se o presidente do Goberno opina iso do seu vicepresidente, ¿que é o que quere que opine a oposición despois de escoitar o presidente opinando do seu ex vicepresidente? *(Aplausos.)* ¿Que é exactamente o que se me reprocha? *(Aplausos.)*

Señorías, ¿que é o que se me reprocha?, ¿ser tan duro co vicepresidente como foi o presidente? Pero ¿a oposición non tiña dereito nin sequera a parafrasear o presidente da Xunta cando comenta as fotos do seu vicepresidente o mesmo día? Segundo vostedes mesmos había un concurso eólico que rozaba a prevaricación. Segundo vostedes mesmos, os que están nesas bancadas do Partido Socialista Obreiro Español, dicían que o concurso eólico do bipartito rozaba a prevaricación, e ¿eu non tiña dereito nin sequera a ter a menor sospeita do que vostedes se estaban acusando entre si?

O presidente, señoría, dixo e recoñeceu que quería cesar o conselleiro. Está nas hemerotecas. O presidente da Xunta quería cesar o conselleiro nacionalista que levaba o concurso eólico. Pero resulta que a oposición non podía dicir nada das fotos que foron cualificadas polo presidente. ¿Saben como se chama iso? *(Murmurios.)* ¿Saben como se chama intentar silenciar a alguén baixo ameaza? Coacción. *(Aplausos.)*

¿Saben o que eu estiven eses días? Coaccionándome, coaccionándome para que non dixera nada das fotos por medo a que saíran outras. ¿Medo a quen?, ¿medo a que?, ¿que fixen de ilegal? *(Murmurios.)*

Sobre as cuestións xa dixeran o que penso, que foi un erro e que lamento telo producido.

Pero, señorías, a xustiza acaba de confirmar –non eu, senón a xustiza– que a Xunta actuou correctamente ao anular a adjudicación eólica do bipartito. A xustiza, señorías; non eu, a xustiza. *(Murmurios.)*

Miren, teño máis respecto polo vicepresidente e polo presidente do bipartito que aos seus partidos, bastante máis. Vou ter namentres sexa presidente da Xunta moito máis respecto polo presidente socialista e polo vicepresidente nacionalista que polo BNG e que polo Partido Socialista, *(Aplausos.)* moito máis. *(Aplausos.)*

Non vou entrar en ningunha cuestión con independencia de que teñamos información dos fotógrafos que fixeron esas fotos. Pero si –reitero– *(Murmurios.)* non vou entrar para acreditar que hai fotos sendo membro do Goberno do ex vicepresidente, non vou entrar. É unha discusión superada polas eleccións e é unha discusión superada pola xustiza.

Reitero, señorías, que a miña relación con Anxo Quintana é cordial e non vai cambiar con independencia do que vostedes intenten trasladar. Señorías, é tan cordial que... ¿saben que audiencia tiveron eu no meu despacho despois da rolda de prensa do pasado luns? A do señor Quintana. Propúxenlle se quería aprazar esa audiencia para non verse relacionado con este caso, contestoume que non, en ningún caso, que mantiña a audiencia. Despois de saír da rolda de prensa e de dar explicacións eu recibín no meu despacho o vicepresidente Anxo Quintana, e vouno seguir recibindo cada vez que mo solicite. Señoría, esa é a gran diferenza entre un político e unha persoa que se dedica á insinuación, á mentira e á ocultación. *(Aplausos.)* Si, señorías, esa é a gran diferenza entre a política e outras cousas. *(Aplausos.)*

Señorías, postos a recordar permítanme recordar tamén unha frase –e remato– do presidente señor Touriño, leo literalmente, señor Vázquez: “Un dos maiores erros foi meter a Pachi Vázquez no Goberno”. Certifícoo, é un dos maiores

erros do presidente Touriño. Probablemente se non metera a Pachi Vázquez no Goberno hoxe non estaba Touriño onde está, esa é o grande erro do presidente Touriño. *(Aplausos.)* Certificado, estou totalmente de acordo, señoría.

Señorías,... *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Adán, chámoo á orde por primeira vez.

(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)

E a vostede por segunda, e non quero dicirle o que significa unha terceira chamada.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, tamén me falan vostedes, o portavoz do BNG e o portavoz do PSOE, de que se dimitín e en consecuencia sabía que tiña unha enorme transcendencia. Mire, eu, como é natural, informei en tempo real ao meu presidente do Goberno. Con fotos e sen fotos eu estiven sempre á disposición do presidente Fraga, sempre, todos os días. E el comprobou que nada había detrás desas fotos.

Señorías, eu comprendo que vostedes esa relación de lealdade co presidente do Goberno non a teñen; nin a tiñan os nacionalistas co presidente socialista e, o que é máis grave, nin a tiñan os conselleiros socialistas co seu presidente. Eu si e estiven á disposición do presidente Fraga todos e cada un dos días que tiveron a honra de acompañalo. E por iso lamento profundamente as acusacións que ten que soportar o presidente Fraga e o presidente Albor neste hemisiciclo e neste día de hoxe. Iso si que é noxento, señorías, *(Aplausos.)* noxento. *(Aplausos.)* Iso é plenamente noxento, señorías.

Señorías, ¿a quen beneficiaba esta publicación? É evidente que a todo o mundo lle sorprende que aparezan unhas fotos agora vinte anos despois da súa reprodución. A mera publicación non basta para que teñan o efecto desexado, é verdade; é preciso acompañalas das correspondentes insinuacións e interpretacións maliciosas. Pero a interpretación maliciosa sería a derivada de dicir que eu tivera algunha conexión co narcotráfico. Ata onde eu sei, si houbo unha

vinculación directa co narcotráfico nesta Cámara: no *Diario de Sesións*, señor Vázquez, líder actual do Partido Socialista Obrero Español, foi vostede o que dixo esta insinuación do presidente da Xunta co narcotráfico. En consecuencia, non sei que pretendía. Probablemente que eu mudase a miña forma de actuar e de facer política e dirixirme a vostede, e non o vai conseguir, señor Vázquez.

¿Vostede está orgulloso do seu pasado? Eu tamén, señoría. ¿Vostede está orgulloso do seu presente? Eu tamén, señoría. Por iso non vou intentar acusalo a vostede de nada, nin sequera de filtrar as fotos. O que si me sorprende é que un día diga que nunca viu nin coñece nin coñeceu ningunha foto e aos catro días diga que aínda faltan fotos por saír. Señoría, exactamente, ¿a quen quere enganar? *(Murmurios.)* Iso si, señoría, non sei a quen benefician esas fotos. Desde logo, á verdade non, a vostede a medio prazo tampouco e, en consecuencia, hai a alguén que o poidan beneficiar. Pero todo se saberá. Saberemos todo, quen filtrou, quen coñecía, quen amedrentou e cales son todas e cada unha das cuestións que agora se intentan dilucidar.

Señor Vázquez, pode dicirle á Cámara se van saír máis fotos, pode dicirle á Cámara onde están esas fotos, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pode dicirle á Cámara de que foto se trata. Señoría, dígoo simplemente para esclarecer todos os feitos, dado que isto é unha comparecencia, para esclarecer os feitos. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, chámoo á orde por segunda vez, e xa sabe o que significa unha terceira chamada.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, a min ninguén me respondeu sobre se o presidente González sabía ou non sabía que o narcotraficante Pablo Escobar, que o invitou á súa toma de posesión, era narcotraficante e foi condenado ao ano seguinte por uns delitos de narcotráfico no seu país. Estou convencido —xa llo anticipo— que o presidente González non o sabía.

Tampouco ninguén me trasladou se o nacionalismo galego cando invitaba a Herri Batasuna o Día da Patria Galega coñecía ou non coñecía as súas relacións co terrorismo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Se seguio que lle doen as vítimas das drogas, estou convenci-

do eu que tamén lle doen as vítimas de ETA; estou absolutamente convencido, señorías, (*Aplausos.*) absolutamente convencido.

Señorías, tampouco aquí se me acreditou se o Partido Socialista e Esquerda Unida poñen a man no lume polos seus compañeiros que teñen centos e centos de millóns de euros de fianza, non polo que está pasando hai dez anos, nin quince, nin vinte, senón agora, polos 700 millóns de euros fraudulentos do diñeiro dos parados. ¿Son vostedes amigos dese Goberno? ¿Por que participan nese Goberno? ¿Por que están vicepresidindo o Goberno de 700 millóns de fraude co diñeiro dos parados?

Señoría, ninguén me di por que se considera un discurso a favor e Arnaldo Otegi no cárcere por terrorismo como unha cuestión eticamente correcta.

Pero xa sei que hoxe non veño aquí para explicarlle á oposición, porque a oposición non me xulga, a oposición xa me condenou desde que gañei as eleccións democraticamente no ano 2009, con fotos ou sen fotos, e volví gañalas no ano 2012, con fotos ou sen fotos, (*Aplausos.*) porque os galegos son moito máis intelixentes ca vostedes. (*Aplausos.*)

Señorías, non me van amedrentar, non me van coaccionar. Dixen o que dixen das fotos do vicepresidente sabendo que existían fotos de había vinte anos. Volvereino dicir, non teñan ningunha dúbida, pero –repito– o que dixen desas fotos é simplemente seguindo o fio argumental do presidente que estaba ao cargo do Goberno.

Pero quero dicirlles, señorías, que isto dá igual... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Losada,...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dá igual, señorías,...

A señora PRESIDENTA: ...non quero ter que chamalo a vostede á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dá igual porque confundir a mentira coa verdade é algo que nesta Cámara consta no *Diario de Sesións*:

“O adianto electoral faise porque Rajoy vai pedir o rescate. Iso comunicoullo Rajoy a Feijóo e por iso adianta as eleccións”. O 9 de setembro do ano 2012. Autor: o insigne Pachi Vázquez. (*Aplausos.*)

“Vostede sabe perfectamente que non hai contratos con Pemex, non ten o contrato nin o quere ensinar”. O 8 de outubro do ano 2012 no debate das eleccións. O autor: o insigne Pachi Vázquez.

Iso si, señoría, convoca vostede agora primarias no PSdeG e di que é un proceso innegociable. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*) O 28 de xaneiro do ano 2013.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, se lles mente... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Presidente, espere.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...aos seus, ¿como non lle vai mentir a todos? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Presidente...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Como non lles vai mentir a todos, se lles mente aos seus, señoría, aos seus? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, presidente. Perdoe un momento.

Por favor, teñamos tranquilidade.

Señor Lo... (*Proseguen as protestas.*)

Presidente, espere un momento.

Eu simplemente chamo á responsabilidade de todos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Beiras, señor Beiras,... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* ...non ten a palabra. *(Murmurios.)* Señor Beiras. *(Protestas.) (Aplausos.)*

Presidente. *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

Eu pido... Señor Beiras, non ten a palabra e non quero ter que chamalo á orde; vostede é o portavoz do seu grupo. E eu... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Beiras, vou ter que chamalo á orde, ¡faga o favor de sentar! *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

¡Señor Beiras! Silencio, por favor.

Señor Beiras, ¿quere tomar asento?, ¿quere tomar asento, por favor?

Imos tranquilizarnos todos, faga o favor. Eu pido responsabilidade para que non se dean estes actos, que fraco favor lle fan ao noso Parlamento... *(Murmurios.)*

Por favor, por favor, pido responsabilidade. Pido sentido –sente–, pido sentido da responsabilidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Quere sentar, por favor?

Vamos ver, está no uso da palabra o presidente. Señor Jorquera, non lle vou dar a palabra. *(O señor Jorquera Caselas pronuncia palabras que non se perciben.)* Faga o favor... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Chámooa á orde a vostede. *(Protestas.) (Aplausos.)*

Se non deixan que remate esta comparecencia, o único que vou facer é suspender o pleno. ¿Supoño que non quere rán que o suspenda? *(Murmurios.)*

Entón, fagan o favor.

Eu creo que ás veces estamos olvidando todos onde estamos e fagan o favor.

Ten a palabra, presidente, para rematar a súa intervención.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Cando vostedes poidan mirar a miña comparecencia, verán que no cuarto parágrafo xa advertía o que ía pasar. *(Murmurios.)*

Por iso, señorías, agora me din que se falo dos contratos de Pemex. O mesmo deputado que me di que eu enganei nas caixas de aforro, que eu enganei aos preferentes, que eu enganei aos funcionarios, que gañei as eleccións enganando a todo o mundo, agora dime que me cinga á cuestión e que non fale dos contratos de Pemex. *(Aplausos.)* Pero, señor Jorquera, ¡un pouco de respecto!, un pouco de respecto. De caixas de aforro, de preferentes, señoría, un pouco de respecto; un pouco de respecto, señoría; un pouco de respecto. *(Aplausos.)* Señoría, un pouco de respecto porque esquecen as súas propias mentiras ditas na Cámara na sesión da mañá e hai tan só corenta minutos.

¿Como non van vostedes simplemente ter un desprezo pola verdade? ¿Como vostedes poden acusarme a min de ter cometido algunha actuación irregular? ¿Como me poden dicir *(Murmurios.)* e poñer unha fotografía de rapaces que morreron como consecuencia da droga relacionada comigo? ¿Como se pode facer semellante acusación? *(Murmurios.)* Non merecen a pena, señoría. *(Aplausos.)* Non merecen a pena, non merecen a pena.

Señorías,... *(Aplausos.)* Señorías, eu vou escoitar e seguirei escoitando con moito interese todos os descualificativos que levo soportando, e seguirei soportando como é natural ata o ano 2016, nesta Cámara, antes de tomar posesión como presidente da Xunta e despois das eleccións, na sesión de investidura. É o primeiro presidente dun Goberno democrático en Galicia que non é nin sequera saudado polos membros da oposición despois de tomar posesión, o primeiro. *(Murmurios.)*

Non espero nada de vostedes, señorías. Eu débome aos galegos; non a vostedes, aos galegos. E cada vez que entenda que os galegos me reclaman unha explicación aquí estarei, e cada vez que entenda que teño que acusar por actuacións irregulares a calquera do meu partido ou doutro aquí estarei, coas consecuencias que sexan. Para min persoalmente é o de menos; defendo os meus principios e os meus valores.

E por iso non vou respostar nin ao desprezo nin á soberbia que levo aguantando de persoas que falan en nome da ética; nin vou aguantar e seguirei coa mesma humildade despois de escoitar que me relacionan co Opus, que me relacionan co franquismo, que me relacionan co narcotráfico.

Señorías, o único delito que cometín foi nacer nunha aldea de Ourense. É verdade que nin tiveren piano nin estudei na Sorbona.

Moitas grazas, señorías. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Rolda especial de aclaracións.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Señor Feijóo, vostede fai o de sempre: enlamar, cambiar os focos, pero non se dá conta de que este non é un debate convencional goberno-oposición; este debate transcende da controversia que hai en todo o Parlamento entre Goberno e oposición. É un debate sobre valores, señor Feijóo, sobre os principios éticos que deben de rexer a conduta dun cargo público, como ademais entende moitísima xente de dereitas de ben, xente de dereitas honesta, que está total e absolutamente indignada pola súa relación con Marcial Dorado. Porque, señor Feijóo, aínda que queira poñerlle panos quentes, estamos a falar da súa relación cun capo da mafia, estamos a falar da súa relación cun narco. Non manipule. Eu imputo esas mortes aos capos da mafia, aos narcos, pero vostede relacionábase con eles.

Mire, señor Feijóo, no Reino Unido un alto cargo público vén de presentar a súa dimisión por imputarlle a que daquela era a súa muller unha multa de tráfico, en Alemaña porque se descubriu que plaxiaran teses doutorais cando eran estudantes. E vostede pretende vendernos como algo total e absolutamente irrelevante a súa relación cun capo da mafia, cun narco, que iso é o que estamos debatendo.

Mire, señor Feijóo, *(Aplausos.)* mire, señor Feijóo, eu nunca o tomei por tonto, nunca o tomei por tonto. Critico as súas políticas, teño serias dúbidas dos seus valores éticos, pero nunca o tomei por tonto. E ¿vostede pretende facernos crer que non lía a prensa da época?, ¿vostede non sospeita-

ba do tren de vida do señor Marcial Dorado?, ¿vostede non sospeitaba do seu inmenso patrimonio? Vostede insiste en presentar esa relación como unha relación meramente ocasional, ocasional cando se chamaban para felicitar polo santo ou polo cumpreanos, cando facían viaxes continuas; nin se acorda de quen as pagaba cando celebraban xuntos a fin de ano. Mire, a vostede nunca o tomei por tonto, non se tome a vostede mesmo por tonto, porque estaría admitindo que é tonto, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Pero por unha vez vou crer que ignoraba realmente as actividades do seu Dorado. Imos admitir iso. Pero é que un cargo público ten o deber, ten a obriga de estar informado; a ignorancia non pode ser un pretexto, señor Feijóo.

Mire, señor Feijóo, voulle explicar cal é o seu sentido da ética. Aínda non pediu perdón publicamente ao pobo galego polas súas relacións cun mafioso, cun narco, cun capo, aínda non pediu perdón. O seu sentido da ética é transformar a súa comparecencia nun ataque ao mensaxeiro. ¿A que vén esta alusión aos fotógrafos?, ¿a que vén esa insistencia en quen estaba interesado en que se publicasen esas fotos? Está transformando vostede esta comparecencia nun ataque ao mensaxeiro, e ademais pretende transformar algo total e absolutamente inxustificable, como a súa relación cun capo da mafia, nun ataque á oposición; ese é o seu sentido da ética, señor Feijóo.

Mire, señor Feijóo —teño que dicirlló—, o seu comportamento é total e absolutamente indecente. Vostede está demostrando que é unha persoa total e absolutamente amoral, carente dos máis mínimos valores éticos, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Mire, señor Feijóo, ademais politicamente vostede é irresponsable, porque a súa primeira responsabilidade como presidente da Xunta é non danar a institución e non danar o pobo galego. E voulle explicar o que lle importa a vostede o pobo galego e o que lle importa a vostede este país. Vostede vén de admitir...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor JORQUERA CASELAS: ...que puxo o seu cargo á disposición de Fraga por lealdade a Fraga, pero non o pon a disposición do país por non danar este país. *(Aplausos.)* Ese

é o seu concepto de responsabilidade política: é vostede un amoral e un indecente! (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Polo Grupo Parlamentario da AGE ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señorías, seguramente despois a min convenceume o señor Núñez de que estamos todos completamente equivocados, e ademais que somos, francamente, moi indignos de estar nesta Cámara. Non merecemos nin ser deputados nin nada.

Porque a obra de Dios é a obra de Dios, e entón é a verdade revelada. E quen está en posesión da verdade revelada estará sempre, cincocentos anos despois, en contra da libre interpretación das Sagradas Escrituras. Estamos en Trento, nas súas secuelas. Entón o que pasa, simplemente, é que é un problema de apostolado que, por circunstancias estrañas, desembocou nunha situación complicada pero non querida.

O señor Núñez, da mesma maneira que cando estudante de dereito tentaba catequizar a un dos principais dirixentes dos recentemente fundados Comités Abertos de Facultade, nacionalistas xuvenís, para que entrase no Opus Dei, ata que o rapaz se fartou: “Pero ¿ti non ten enteras de quen son? Cando escoitas o que dicimos, ¿como podes crelo?”, anos despois o segundo de a bordo de Romay na Consellería de Sanidade seica tentou facer o mesmo en plan misionero cun capo das mafias do fume e da fariña chamado Marcial Dorado. E en ambos os dous casos disque para servir a Deus, á súa obra e ao seu partido de Alianza Popular e PP, simplemente porque lera mal e interpretara mal a famosa obra *Ética protestante e o espírito do capitalismo*, de Max Weber ¿Quere que sigamos por aí e convertemos isto nunha farsa?

Vostede, señor Núñez, hoxe demostrou que a súa soberbia non ten límites, que a súa capacidade de desprezo a todo o que non sexa o que a vostede lle interesa tampouco ten límites. Vostede acaba de facer, e moitos de vostedes, non sei se a mantenta ou simplemente por vasalaxe, aplaudindo cousas que a min me daría vergonza que algún compañeiro aplaudise, si... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ...pois acaban de facer un exercicio dunha contribución fabulosa ao definitivo descrédito da Xunta, do presidente e desta Cámara de deputados, e, polo tanto, á indignación da xente do común e a que cada vez haxa máis xente que diga: non nos representan. E entón que sexa a cidadanía quen teña que tomar as rendas da situación directamente, exercer a democracia directa e, efectivamente, facelos saír de aquí por vías democráticas, pero a democracia é o exercicio do poder polo pobo, non é só e exclusivamente votar.

Un criminal non o é porque non fose condenado ou porque fose condenado, un criminal éo porque comete crimes, aínda que fiquen impunes. Non terxiverse vostede as cousas. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Claro, claro, comete crimes. E a persoa con quen se relacionou... E non fago xuízos de intención de se as relacións chegaron a contubernios, a buscar cartos ou a pedirlle cartos para Alianza Popular, para o PP ou para Romay Beccaría, que era o señor dos cartos, ¡claro!, co señor Naseiro, despois co señor Crespo... Non me fagan entrar niso, que é un culebrón e me dá noxo, por iso non falei, pero está aí...

A señora PRESIDENTA: Señora Prado, chámola á orde por primeira vez.

O señor BEIRAS TORRADO: Non me faga falar de determinadas cousas porque están sobradamente sabidas. Non lle vou dicir á xente, que é o que me importa, á cidadanía, o que xa sabe, de maneira que vostedes, por moito que mintan, non a van enganar máis.

E cando estaba ocorrendo, a min o que me preocupa é que isto é un recital, ¿de que? Cando nós pensamos que a ética debe ser o fundamento da política, a vostedes a ética impórtalles un nabo sempre que haxa obxectivos políticos a cumprir custe o que custe. O fin xustifica os medios, ¡calquera medio! Igual que mataban xente no 36 os seus ancestros, vostedes farían o que fixese falta para manterse no poder. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) E iso é a violación dos máis elementais principios da ética democrática. (*Aplausos.*) E as persoas da miña xeración, que pasamos media vida pelexando contra aquilo, non podemos aturar...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ...que vostedes veñan facerse cargo diso...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: ...cunha legalidade [...]...
(*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

(*Interrupcións.*)

Silencio, por favor.

(*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

Perdoe, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: Vostede é presidente da Xunta, vostede gañou por maioría absoluta. As enquisas de febreiro din que vostede xa non gañaría agora. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Polo tanto, a legalidade aínda o protexe porque non hai eleccións, pero vostede perdeu a lexitimidade como a perdeu o seu Goberno de corruptos que están na Moncloa, que o 85 % dos cidadáns do Estado español di que non valen para nada e mesmo a maioría da militancia do Partido Popular di que terían que irse de aí.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor BEIRAS TORRADO: ¡Que lisquen todos!, dicían na Arxentina, e acabaron con aquela podremia do Menem, etc. ¡Que lisquen todos!, e empezou un período novo, non perfecto, pero cunha persoa...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ...que parecía que non se podía esperar nada del, descoñecido, Néstor Kirchner, por exemplo, e resulta que tiña a coraxe incluso de facer algo que aquí vostedes non só non fan, senón ao contrario, poñer en marcha a perda da impiedade polos delitos das ditaduras militares dos anos setenta, cando vostedes están obstruíndo que nin sequera se poida recuperar a memoria histórica e a dignidade das vítimas do franquismo do trinta e seis. ¡Eses son vostedes! (*Aplausos.*)

Só unha cousa fóra de tempo. Declaración para a dimisión de Alberto Núñez Feijóo. É unha declaración asinada

polos cidadáns, e sobre todo cidadáns da comarca de Arousa, de Cambados, etc., que loitaron contra o que vostedes estaban [...]...

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ...coas súas esmorgas nocturnas, como *A esmorga* de Blanco Amor (*Aplausos.*)

(*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Silencio, por favor. Imos seguir escoitando.

Ten a palabra a continuación, na réplica, o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señora presidenta.

Señor Feijóo, eu entendo que estea vostede crispado. Eu entendo que está pasando vostede o momento máis difícil da súa vida política. Eu entendo que vén aquí a pelexar con alguén. Pero ao que vén aquí é a explicarse, non vén pelexar con nós. Vostede ten que vir aquí a explicarlle a Galicia o que está pasando.

Fíxenlle cinco preguntas, non contestou a ningunha porque non pode contestalas, porque non ten contestación que lle poida chegar á xente. Está vostede preocupado porque eu digo se hai máis fotos, menos fotos, quen as sacou,... Mire, díggolle aquí para quede constancia no Parlamento: eu nin as saquei nin as tiña nin as vira nunca, polo tanto, deixe de dicir insidias e mentiras. Díggolle máis, di vostede se van saír máis fotos ou non: pois mire, non o sei, o que sei é que nove anos da súa vida non caben en catro fotos. (*Aplausos.*) O que sei é que nove anos da súa relación con Marcial Dorado non caben en catro fotos. E se alguén o está chantaxeando, ameazándoo, diga quen o chantaxea e quen o ameaza.

Mire, non contesta nada. Hai un problema, a maioría de Galicia, a maioría de España, sabe que está mentindo. Dino: o presidente da Xunta está mentindo. ¡Claro, porque non o cre ninguén! E eu plantéxolle a vostede que está no momento máis difícil da súa vida porque ten que abordar – (*Interrupcións.*) si, si, el sabe ben que é así– o gran dilema que

Ile recordará algo: ser ou non ser, señor Feijóo. Ser ético ou non ser ético. Ser transparente ou non ser transparente. Ser responsable do seus actos ou non ser responsable dos seus actos. Asumir o seu comportamento ou non asumilo. Actuar como lles pide vostede que actúen os demais ou facer xusto o contrario do que vostede lles pide aos demais. Señor Feijóo, ser verdade ou ser mentira. E vostede está optando polo peor dos escenarios: mentir é restarlle credibilidade.

Non dubida vostede, e quen –o que dixo aquí é moi grave– usa a Fraga falecido é vostede para exculpase, que non é a oposición. Quen di que Fraga o absolveu, hoxe que Fraga non pode falar, é vostede, cando o di nese momento.

Mire, vostede cre que negando a evidencia pode borrar o seu pasado, pero aquí hai moita xente que viviu aquela época con vostede, aquí hai moita xente que descobre –agora si, agora– que leva quince anos vivindo nunha mentira, señor Feijóo, que leva quince anos ocultando as amizades, que leva quince anos ocultando os motivos polos que tiña unha estreita relación con Marcial Dorado. Aínda non sabemos por que Marcial Dorado e vostede viven durante nove anos pegadiños e facendo sempre cousas que agora se están descubriendo: polo que viaxaba con el, polo que celebraba a fin de ano con el. Quince anos tamén ocultando a Manuel Cruz, o chófer de Romay Beccaría, que cando vostedes eran amigos compraba empresas e as poñía a nome de Marcial Dorado no ano noventa e cinco, noventa e seis e no ano noventa e sete, ¡si! E vostede di: era mi amigo y le pregunte si era el testafarro. ¡Home! ¡que lle ía dicir! ¡Que lle ía dicir, señor Feijóo! Non é crible.

Mire, o que está facendo inhabilitao para seguir sendo presidente do Goberno galego. Recórdolle a vostede aquí nesta Cámara que lle esixía ao anterior presidente da Xunta –agora que tanto o quere– facturas para que demostrara como pagaba as súas vacacións e houbo que traelas a esta Cámara, e agora vostede non recorda quen lle pagaba as viaxes, os hoteis, as festas e os luxos. (*Aplausos.*) Agora esa dobre moral, señor Feijóo.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: *Sólo recuerdo que había nieve.* Non recorda quen pagaba, a infamia é mentirlle a Galicia para ocultar que vostede, sendo un alto cargo deste

país, viviu dez anos relacionándose cun dos maiores narcotraficantes de Galicia. Señor Feijóo, a ética empeza por vostede mesmo. Ninguén con este lastre pode continuar dirixindo os designios deste país. Para dirixir hai que ter un comportamento ético intachable, antes, durante e despois da ocupación deste cargo.

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Vostede non ten ese aval.

Remato, señora presidenta.

Vostede e vostedes non viñeron aquí a dar explicacións, viñeron a exculpase, viñeron a autoexculpase. Non vén aquí para pedirlle desculpas ás vítimas, véñse facer a vítima. Non vén aquí a mirarlle aos ollos á xente que percorría as rúas de Galicia loitando contra o narcotráfico...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...cando vostede percorría as rúas no iate do narcotraficante, non lle vén pedir perdón por iso.

Mire, remato cunha cousa, non son eu quen lle pide a dimisión, pídea vostede mesmo cando no ano 2009 dixo: “o que ande en amistades perigosas ten que presentar a súa dimisión do Goberno galego.”

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

Réplica. Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Ben, como colateral deste debate vemos que a oposición se queixa cando se fala das infamias da oposición, pero se se fala do 36 e se di unha nova infamia, que é que nós somos os herdeiros de quen paseaba entón, iso apláudese. (*Aplausos.*) E falando de aplausos, nós, como é natural, aplaudimos ao noso presidente porque hoxe estivo ademais particularmente ben, e vostedes sábeno, e non aplaudimos a persoas que, por moitos problemas que teñan, non deberían de estar na tribuna dicindo que vai

correr o sangue e ameazando a deputados do PP. Nós aplaudimos ao presidente e non este tipo de comportamentos. (*Aplausos.*) É unha diferenza, ¿non?

Ben, eu fixen unha referencia, na miña primeira intervención, ao que dixo a Fundación galega contra o narcotráfico, e quixera comezar esta segunda, breve, facendo unha referencia a un libriño que seguro que algún de vostedes coñece –seguro que o que marchou, o señor Beiras, si que o coñece–, de Andrea Camillieri, un escritor italiano, o título do libro é *Vosoutros non sabedes*. É un dicionario sobre os usos, prácticas e vocabulario da mafia, e, se buscan política, verán que o típico da mafia e dos narcotraficantes é a infiltración nos tribunais, na política, etc., e que o propio Camillieri, que di que é unha persoa de esquerdas, di que toda a sociedade italiana quedou moi sorprendida cando detiveron a Provenzano, o último gran capo da mafia, e varios dos carteros que traballaban para el eran persoas da militancia do antigo Partido Comunista, porque o Partido Comunista sufrira nas súas carnes a violencia da mafia, pero naquel momento, di Andrea Camillieri, di que os tempos e tamén os comunistas tiñan cambiado moito.

Ben, o que reflicte Camillieri é a situación de como o narcotráfico e as mafias se infiltran na sociedade. No libro que citou o señor Beiras, de Benito Leiro, que non fala de Dorado, por certo, como narcotraficante, senón como contrabandista, efectivamente expón como os narcotraficantes querían permearse na sociedade, e entre outras cousas di nas páxinas 60 e 64 que tamén tiñan relacións co Bloque Nacionalista Galego, porque iso é o que fai a mafia, intentar infiltrarse na sociedade. E de feito nós o que pensamos é que, se estas fotos veñen reflectir algo, como ben dixo a Fundación galega contra o narcotráfico, reflicten un pasado no que a sociedade galega foi capaz de reaccionar e non permitir que os capos da droga permearan na nosa sociedade. (*Aplausos.*) Foi un traballo ao principio levado de forma moi solitaria e moi dura, por iso nós lle mostraremos sempre o noso recoñecemento, por familias conscientes que tiñan o problema na casa, por xuíces e policía valentes que non aceptaron a corrupción, coma o xuíz Taín, e evidentemente tamén porque a sociedade foi reaccionando, e entre ela tamén a súa clase política.

Eu non sei se vostedes recordan que foi no ano 1993 –é dicir, cando o señor Feijóo estaba na Consellería de Sanida-

de– cando se creou e aprobou o Plan autonómico de drogo-dependencias, que creou o comisionado que tanto fixo para combater o narcotráfico (*Aplausos.*) Nós dámoslles todo o mérito do mundo ás familias, aos xuíces e á policía valente que fixeron erradicar e combateron a lacra do narcotráfico na nosa terra, o que non imos permitir en ningún momento é que se arroguen a representación das vítimas. Vostedes sempre están na mesma, ¿quen é vostede para dicir se eu teño ou non teño un familiar que morreu ou non morreu coa droga? Esa foto que vostede saca podía ser a da miña clase. Esa é a miña xeración, a que sufriu a droga. Amigos meus morreron pola droga. ¿Como pode vostede insinuar sequera que nós estamos aquí defendendo os narcotraficantes, home? (*Aplausos.*)

E do mesmo xeito que o peor insulto á ética é utilizar a infamia como argumento político, que é o que están facendo vostedes desde hai cinco anos, e agora con máis virulencia que nunca, eu vou dicir que o peor inimigo da democracia é, sen dúbida, a demagogía. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E como sei que non van ler a Todorov, outro pro home de esquerdas –como sei que non o van ler–, vou ler eu: “El discurso populista. Los movimientos extremistas identifican en la vida pública del país a un responsable de todos sus males y lo señalan para que el pueblo se vengue. Las fuerzas de extrema izquierda definen al enemigo culpable en el plano social: los ricos, los capitalistas y los burgueses. Para curar la sociedad es preciso vencer a estos enemigos y hacerles apoquinar, sino eliminarlos, como hemos visto que hacían las dictaduras comunistas a lo largo de la historia.”

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PUY FRAGA: Ben, isto é o que hai, e vostedes estalle facendo o xogo. O PP, a burguesía, o capitalismo, os amigos do capital, están totalmente trabucados. Isto en termos históricos é un erro do Partido Socialista, e pódolles dicir, xa que aludían a que había moita xente de dereitas que estaba preocupada polas fotos, que hai moitos amigos de esquerdas que están moi preocupados polo futuro da socialdemocracia en España.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Presidente, esta comparecencia deixou claro que hai un presidente que non ten nada que ocul-

tar, disposto a dar explicacións; que hai un presidente da Xunta que non vai mudar a súa forma de proceder polo feito de que ninguén o ameace, e que os grupos da oposición están dispostos a todo con tal de sacar algún rédito político, mesmo a insinuar comportamentos completamente fóra da realidade.

Conta vostede coa total confianza do Grupo Parlamentario Popular, como a tivo hai cinco meses. Eu estou seguro de que a maioría dos galegos e galegas de boa fe tamén a manteñen.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra, para pechar o debate, o presidente da Xunta, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, eu estou de acordo, señor Jorquera, en que aquí debemos de facer un debate sobre valores, e por iso eu vin comparecer nesta Cámara a falar sobre valores, e eu vin comparecer nesta Cámara reiterándolle cal é a miña responsabilidade en relación con este asunto.

Vostede sabe igual ca min, porque tampouco o considero tonto, que, se eu tivera a mínima información ao respecto, non posaría en ningún caso en ningunha foto. E vostede sabe igual ca min que, se eu tivera a máis mínima información sobre iso, deixaría de forma inmediata de acudir con outras persoas a calquera punto onde estivera unha persoa que anos máis tarde –señor Jorquera– foi condenada por narcotráfico. A vostede creo que –polo menos así o cría, e despois desta sesión vouno seguir crendo– non lle gusta a mentira, por iso hoxe, lamentablemente, pola mañá non está vostede moi contento consigo mesmo. (*Protestas.*) Se vostede me fala de valores, señoría, eu falo –e creo que pedín algunha información para os galegos que nos están escoitando– de por que vostedes compaxinaban as súas manifestacións políticas cun partido ilegal, condenado por terrorismo; (*Protestas.*) por que vostedes volven en coalición electoral para que os galegos voten a Bildu e Amaiur, e por que vostedes fan unha defensa encendida dun preso condenado por terrorismo

como Arnaldo Otegui. Eses son os valores, señoría, (*Protestas.*) por iso estou convencido de que vostede debe de rectificar os seus valores. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón, ten vostede unha segunda chamada á orde, e xa sabe o que significa a terceira.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, agradezo que non me fale do concurso eólico (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) e agradezo, señoría, que non queira falar sobre persoas que non teñen nada que ver coa vida política xa, que eu lle teño tanto respecto como vostede, e desde logo moito máis respecto que a maioría do seu grupo.

Señorías, aquí vimos un triplo salto mortal. Primeiro pasouse do ano 1990 ao ano 2013 e agora preténdese pasar do ano 1936 ao ano 2013. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Triplo salto mortal, señorías.

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Triplo salto mortal de alguén que di que son un presidente ilexítimo (*Murmurios.*) porque a maioría dos galegos me deron por segunda vez consecutiva unha maioría absoluta e porque as enquisas están por riba das urnas, por iso consideran que son un presidente ilexítimo.

Señorías, catequizar os dos CAF. ¡Pero se xa estaban suficientemente catequizados! ¡Xa se dedicaban a iso dende as clases e dende as tribunas docentes, a catequizar os do CAF! A min non me catequiza o Opus nin os dos CAF, señoría. Manteño a miña liberdade e a miña independencia con 51 anos e vou seguir manténdoa ata o final. Non o sei facer doutra forma, non o sei facer doutra forma. (*Aplausos.*)

Señorías, fálase de financiación irregular, de relación do partido co narcotráfico... Fálase de todo isto e despois din que son un soberbio. (*Murmurios.*) E incluso cando fala o presidente da Xunta nin sequera están na Cámara, (*Murmurios.*) ¡e o soberbio son eu! Eu comprendo que ninguén pode admitir, dende determinada clase social onde os pianos e a Sorbona formaban parte da súa actuación diaria, que un

rapaz dunha aldea sexa presidente da Xunta. (*Aplausos.*)
¡Pero é presidente da Xunta un rapaz que non sabe nin de Sorbonas nin de pianos! Non, señoría, non o sei e non presumo diso, simplemente estou absolutamente a favor do meu estrato social (*Protestas.*) e estou absolutamente convencido de que a miña familia...

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz, ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...ben merece un respecto, aínda que vostedes non lle teñan respecto a ninguén, nin á familia, nin ás persoas, nin, o que é máis grave, aos galegos e ás galegas, que son os que pagan a súa nómina relixiosamente cada mes. (*Aplausos.*) (*Protestas.*)

Señorías, imos seguir traballando, sen ningunha dúbida, sen ningunha dúbida.

Señorías, dinme que estou no momento máis difícil da miña vida política. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Evidentemente, acaban de confirmalo. Pois eu agradezcolles moito aos tres ex presidentes de comunidades autónomas do Partido Socialista Obrero Español que me chamaron para dicir que lamentaban esta patraña e esta infamia. (*Aplausos.*) Probablemente eses tres presidentes de comunidades autónomas do Partido Socialista Obrero Español non estean de acordo con vostede, señor Vázquez, o cal, como é natural, non me estraña nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non só os tres presidentes do Partido Socialista de comunidades autónomas, algúns deles con declaracións na televisión e na radio, e remítome a elas, senón tamén un candidato do Partido Socialista Obrero español á Presidencia da Xunta, que me chamou para lamentar o que está facendo o seu partido. Por iso, señoría, para o señor Vázquez estou no peor momento da miña vida política, e para os seus compañeiros –iso si, que gañaban as eleccións–, para eles vostede está noutra infamia da súa carreira política, por iso, señor Vázquez, me dá a sensación de que vostede, de infamia en infamia, seguirá aí, aí. (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Señorías, di que resposte a cinco preguntas que me formulou. Contestei a 23, entre as cales están esas cinco. Remítome a todas as preguntas que formulei e a todas as respos-

tas que din por respecto aos galegos e ás galegas, que é o meu obxectivo. Pero, señor Vázquez, vólvolle reiterar que non vou entrar noutra mentira máis, de se foi chofer de non sei quen... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Dáme a sensación de que volveu mentir, señoría.

A señora PRESIDENTA: Señora Quintas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non vou entrar nesta cuestión, pero hai dúas cuestións fundamentais. A min acusouse dunha relación económica interesada coas empresas do señor Dorado e non se volveu falar diso. E agora, cando se acredita que na lexislatura na que recibiron máis subvencións as empresas do señor Dorado foi a lexislatura do bipartito, xa non queren falar diso. Iso si, ¿vostedes non coñecían (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pola prensa e polos seus propios dossiers de quen se estaba tratando, señorías? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por certo, señorías,...

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, ten unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...se vostedes coñecían todo isto cando este señor xa estaba na cadea, ¿por que dan subvencións? ¿por solidariedade? Nin sequera por prestación de servizos. Non, non, por solidariedade, por axudas, polas indemnizacións causadas. Non por prestación de servizos, non, non, por solidariedade. A segunda subvención máis importante desa orde de axudas do bipartito. Pero cando eu digo que non me van amedrentar –e con isto remato–, permítame que lle recorde, señor Vázquez, porque todo ten un límite, que non me vai amedrentar vostede nin con insinuacións do narcotráfico nin co momento da miña vida política. Non, señoría, eu morrerei dicindo o que penso, (*Murmurios.*) con independencia de que isto me veña ben ou me veña mal. É a miña forma de ser, señoría.

¿Vostede recorda cando unha mañá me veu visitar vostede ao meu despacho, unha vez que saíron os asuntos

do caso Campeón? ¿Recórdao? ¿Vostede recorda que me veu visitar a este despacho no Parlamento para dicirme que o señor Dorribo non era de fiar? ¿Vostede recorda que me veu dicir que a xuíza do caso Campeón era unha xuíza desproporcionada? ¿Vostede recorda que me veu dicir que vostedes non ían seguir ese asunto e que me pedía que eu non seguira ese asunto? Señor Vázquez, non vou aceptar ningunha coacción, non me van amedrentar nunca e vou seguir dicindo o que penso. ¡Alá vostedes coas súas coaccións!

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos co punto catro...

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Por favor. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Señorías, vamos continuar coa orde do día. *(Aplausos.)*

Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto catro, de proposicións non de lei.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
5.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
6.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
7.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
8.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
9.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
10.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
11.- Camino Copa, Angel	(PP)
12.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
13.- Castro Domínguez, Nava	(PP)
14.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
15.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
16.- Dorado Soto, Javier	(PP)
17.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
18.- Faraldo Botana, María Dolores	(PP)
19.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
20.- Fernández Calviño, David	(AGE)
21.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
22.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
23.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
24.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
25.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
26.- García Pacín, Isabel	(PP)
27.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
28.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
29.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
30.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
31.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
32.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
33.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
34.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
35.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
36.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeG-PSOE)
37.- Mourinho Villar, Antonio	(PP)
38.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
39.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
40.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
41.- Pardo López, Carmen	(PP)
42.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
43.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
44.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
45.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
46.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
47.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
48.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
49.- Prado del Río, Paula	(PP)
50.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
51.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
52.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
59.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
60.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
61.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
62.- Sánchez García, Antón	(AGE)
63.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64.- Santos Regueiro Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25